

MEMORIA ANUAL

CPR ANDERSEN
AUGALONGA

CURSO: 25-26

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 30/06/2026

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 30/06/2026

DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: 09/07/2026

TÁBOA DE CONTIDO

1. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO	4
2. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR	8
2.1. Claustro	8
2.2. Consello Escolar	9
3. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: CCP	10
3.1. Reunións e temas tratados	10
3.2. Revisión dos distintos apartados da concreción curricular do centro e propostas de mellora e modificacións para o curso seguinte	11
4. VALORACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	11
4.1. Transporte	11
4.2. Comedor	11
4.3. Plan madruga	12
5. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	12
6. VALORACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	12
7. VALORACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO	12
Descrición das actividades formativas	12
Seminarios (Biblioteca e Polos Creativos)	12
Formación de Biblioteca Escolar	13
Formación LÓVA (La Ópera, un Vehículo de Aprendizaxe)	13
Formación en Comunicación Non Violenta	13
8. VALORACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO	14
9. VALORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	17
9.1. Valoración das actuacións ou programas que favoreceron a convivencia incluíndo medidas preventivas e de sensibilización	17
9.2. Número de condutas contrarias á convivencia do centro	20
9.3. Aspectos salientables do informe anual realizado pola comisión de convivencia do centro	20
9.4. Conclusións da memoria anual do plan de convivencia do centro	21
9.5. Propostas de mellora para o vindeiro curso	22
10. SEGUIMIENTO DE PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA	23
11. MEMORIA DO PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	23
11.1. Avaliación do alumnado	23
11.2. Exencións de galego/ Música	24
12. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA	24
13. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA	25
14. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL	27
15. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E HÁBITOS SAUDABLES	31
16. VALORACIÓN DO PROXECTO LINGÜÍSTICO	32
17. VALORACIÓN DO PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	33
17.1. Valoración da Concreción do Plan de Acción Titorial	33

17.2. Valoración das actuacións do departamento de orientacion	39
18. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA	40
19. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE IGUALDADE	44
20. VALORACIÓN DO PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	47
ANEXOS	47
I. MEMORIA DEL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	48
A. Memoria do equipo psicológico	48
1. Probas colectivas	48
2. Grupos de reforzo educativo	48
3. Adaptacións curriculares	49
4. Intervencións psicolóxicas e psicopedagóxicas	50
B. MEMORIA DE PT E AL	55
C. MEMORIA DE ORIENTACIÓN	60
II. MEMORIA DAS ACTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS	60
III. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA	77
IV. MEMORIA DE POLOS CREATIVOS	78
Consolidación do Polo Creativos do Andersen como espazo “Fai lab” como eixo estratéxico escolar	78
Recoñecemento e proxectos premiados	78
Explicación detallada das actividades FAI LAB 2025/2026	78
V. MEMORIA DA AFA	83

1. VALORACIÓN DOS OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

A partir dos obxectivos propostos na PXA o equipo directivo analizou os seguintes aspectos.

Obxectivo 1: Revisar a documentación do centro						
Acción 1	Elaboración do NOF					
Indicador/es	O NOF foi elaborado seguindo o modelo enviado por Inspección educativa.					
Criterio de aceptación	O 80% do claustro participou na elaboración e/ou revisión do documento.					
Temporalización	1º T ☒	2º T ☐	3º T ☐	Conseguido ☒	Parcialmente ☐	Non conseguido ☐
Responsable	Equipo directivo					
Recursos/materiais	NOF antigo, NOF doutros centros e bibliografía variada.					
Resultados	NOF elaborado e aprobado por inspección educativa.					
Propostas de mellora	Continuar coas actualizacións pertinentes.					
Acción 2	Actualización da PXA					
Indicador/es	Revisión e posterior actualización do Plan					
Criterio de aceptación	O 75% do equipo docente participou nas propostas para a súa elaboración					
Temporalización	1º T ☒	2º T ☐	3º T ☐	Conseguido ☒	Parcialmente ☐	Non conseguido ☐
Responsable	Departamentos varios e equipo directivo.					
Recursos/materiais	Bibliografía, documentos anteriores; documentos de centros de referencia.					
Resultados	PXA actualizada co novo formato.					
Propostas de mellora	Continuar coas actualizacións pertinentes.					

Obxectivo 2: Mellorar a convivencia do centro											
Acción 1	Realización dunha análise sociométrica para establecer as redes sociométricas de cada grupo de alumnos										
Indicador/es	Realización de test sociométricos										
Criterio de aceptación	Elaboracións dos test no 100% dos grupos do centro										
Temporalización	Set ☐	Out ☒	Nov ☒	Dec ☐	Xan ☐	Feb ☐	Mar ☐	Abr ☐	Maio ☐	Xuño ☐	Xullo ☐
Responsable	Departamento de orientación e titores										
Recursos/materiais	Cuestionarios test sociométricos										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☐ Non conseguido ☒										
Resultados	A realización dos test non se fixo de maneira completa.										
Propostas de mellora	Realizar de cara o vindeiro curso escolar										
Acción 2	Formación do alumnado en prevención de acoso e ciberacoso										
Indicador/es	Realización de charlas específica dentro do Plan Director										

Criterio de aceptación	Charlas impartidas no 100% dos grupos da ESO e último ciclo de EP										
Temporalización	Set ☐	Out ☐	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☐	Abr ☐	Maio ☐	Xuño ☐	Xullo ☐
Responsable	Titores e coordinación										
Recursos/materiais	Solicitud participación no Plan Director										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Charlas realizadas.										
Propostas de mellora	Continuar coas charlas.										
Acción 3	Formación en comunicación non violenta.										
Indicador/es	Realización de charlas específicas sobre a comunicación non violenta, para familias, profesorado e alumnado.										
Criterio de aceptación	Participación dun 90% do profesorado e dun 30% das familias.										
Temporalización	Set ☐	Out ☐	Nov ☐	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☐	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☐	Xuño ☐	Xullo ☐
Responsable	Dirección, coordinación e AFA.										
Recursos/materiais	Espazos do centro										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☒ Non conseguido ☐										
Resultados	Charlas realizadas. Pouca participación por parte das familias. Boa participación e acollida por parte do profesorado e alumnado.										
Propostas de mellora	Continuar co traballo comezado entre o alumnado e profesorado.										

Obxectivo 3: Continuar coa mellora das instalacións dos espazos exteriores do centro											
Acción 1	Volver a poñer en funcionamento a horta do patio de educación infantil e primaria.										
Indicador/es	Acondicionamiento da horta e sementado de diferentes plantas.										
Criterio de aceptación	O 75% do alumnado participa nas labores de semente e coidado da horta.										
Temporalización	Set ☐	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo docente.										
Recursos/materiais	Espazo para facer a horta, terra, sementes, ferramentas para coidar a horta.										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☒ Non conseguido ☐										
Resultados	Horta en funcionamento con diferentes plantas.										
Propostas de mellora	Ampliar a horta que se atopa no patio de EP.										
Acción 2	Poboar o patio de infantil e primaria de árbores tras a poda feita durante o verán.										
Indicador/es	Medrado das árbores.										
Criterio de aceptación	O 75% do alumnado participa nas labores de coidado das árbores (rego).										

Temporalización	Set ☐	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuño ☒	Xullo ☒
Responsable	Equipo docente de Infantil e Primaria e alumnado.										
Recursos/materiais	Regadeiras.										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Árbores plantadas e medrando a bo ritmo.										
Propostas de mellora	Seguir coidando as árbores.										

Obxectivo 4: Poñer en marcha e consolidar o Consello da Infancia											
Acción 1	Realizar unha reunión por parte da AFA para explicar o funcionamento e a finalidade do Consello da Infancia.										
Indicador/es	Realización da reunión.										
Criterio de aceptación	Participación do 95% do profesorado.										
Temporalización	Set ☒	Out ☐	Nov ☐	Dec ☐	Xan ☐	Feb ☐	Mar ☐	Abr ☐	Maio ☐	Xuño ☐	Xullo ☐
Responsable	AFA e equipo directivo.										
Recursos/materiais	Espazos do centro.										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Reunión realizada con gran participación do profesorado.										
Propostas de mellora	Continuar co Consello da Infancia.										
Acción 2	Realizar tres Consellos da Infancia durante o curso.										
Indicador/es	Realización dos Consellos da Infancia de forma activa.										
Criterio de aceptación	Participación do 100% do alumnado (de 1º EP a 4º ESO)										
Temporalización	Set ☐	Out ☐	Nov ☒	Dec ☐	Xan ☐	Feb ☐	Mar ☒	Abr ☐	Maio ☐	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Titores										
Recursos/materiais	Material de papelería do alumnado.										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Reunións feitas										
Propostas de mellora	Continuar co Consello da Infancia.										

Obxectivo 5: Favorecer a participación e colaboración da comunidade educativa	
Acción 1	Deseño de actuacións que conleven a participación das familias e de calquera membro da comunidade educativa
Indicador/es	Desenvolvemento de accións nas que colaboren ou participen membros da comunidade educativa (encontros e formacións).
Criterio de aceptación	Participación dun 30% da comunidade educativa.

Temporalización	Set ☒	Out ☒	Nov ☐	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☐	Mar ☐	Abr ☒	Maio ☐	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Dirección, AFA e o claustro de profesorado.										
Recursos/materiais	Os que requira a proposta.										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☒ Non conseguido ☐										
Resultados	Organizáronse charlas formativas para familias, encontros para facer melloras no patio, preparación da festa de fin de curso e durante a Semana Andersen un día fixéronse obradoiros para as familias. A participación nas charlas formativas foi moi escasa.										
Propostas de mellora	Continuar deseñando actividades para promover a relación colexio e familias.										

Obxectivo 6: Fomentar hábitos de saúde e benestar											
Acción 1	Promoción de hábitos de alimentación sa e saudable, a través da petición da axuda MR265 para a adquisición e suministro de produtos aos centros escolares.										
Indicador/es	Interese manifesto da inxesta de froita e leite										
Criterio de aceptación	O 80% do alumnado toma froita na merenda algún día a semana.										
Temporalización	Set ☒	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuñ o ☒	Xullo ☐
Responsable	Dirección e claustro										
Recursos/materiais	Cuestionarios test sociométricos										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Prácticamente a totalidade do alumnado participou na inxesta de froita e leite. Moi boa aceptación.										
Propostas de mellora	Continuar coa proposta.										
Acción 2	Promoción da actividade física.										
Indicador/es	Dinamización dos patios. Potenciación de actividades de movemento. (Marchas, carreiras, etc). Participación en programas que potencien a actividade física (Xogade)										
Criterio de aceptación	Participación do 75% do alumnado										
Temporalización	Set ☒	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuñ o ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo directivo, claustro e o Equipo de Plan de Vida Activa e Deportiva										
Recursos/materiais	Os que requira a proposta.										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Organización de marchas: Monte dos Pozos e Monte do Cepudo (aproveitando a celebración do magosto e dos maíos respectivamente). Celebración dos Xogos Olímpicos Andersen. Dinamización do patio (dando cabida a diferentes actividades deportivas) Participación en programas XOGADE (cross escolar, atletismo, balonmán, bádminton, etc.)										
Propostas de mellora	Continuar fomentando a actividade física.										

Obxectivo 7: Potenciar a biblioteca como laboratorio de aprendizaxe e centro neurálxico de aprendizaxes											
Acción 1	Contribución ao desenvolvemento do PDI “E ti que pintas?”										
Indicador/es	Creación de diferentes recursos ou aportacións para o desenvolvemento do PDI										
Criterio de aceptación	Participación do profesorado e alumnado no proxecto a través de distintas actividades.										
Temporalización	Set ☒	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo directivo, claustro e o Equipo de Biblioteca e polos creativos.										
Recursos/materiais	Adquisición de recursos bibliográficos ou en diversos soportes.										
Grao de cosecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Realización de distintos traballos de investigación sobre o PDI										
Propostas de mellora	Continuar desenvolvendo un PDI que parta da biblioteca escolar.										
Acción 2	Dinamización da biblioteca										
Indicador/es	Realización de actividades nas que se utilizan diferentes programas (radio, polos creativos, etc.).										
Criterio de aceptación	Participación do alumnado.										
Temporalización	Set ☒	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo de Biblioteca, polos creativos e claustro.										
Recursos/materiais	Os que requiran pertinentes.										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Participación na proposta Polos eclipsados coa proposta “ A 10ª sobre o horizonte. Realización dun obradoiro de Polos creativos. Realización de Clubs de lectura. Realización de actividades nos recreos: creación dun alfabeto artístico, realización dun puzzle, etc.										
Propostas de mellora	Maior utilización da radio e continuar coa realización de actividades usando os diferentes programas.										

2. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS: CLAUSTRO E CONSELLO ESCOLAR

2.1. CLAUSTRO

Reunión Nº: 1	Data: 2/09/2025	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			

Calendario escolar curso 25-26.
 Datas avaliación.
 Programacións.
 Organización do novo curso.
 Patios.
 Carpeta alumnado.
 Plans e proxectos.

Reunión Nº: 2	Data: 7/04/2026	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
Datas excursións fin de curso. Datas de interese. Convivencia Comunicación e información das distintas actividades ás familias. Semana Andersen (organización).			

Reunión Nº: 3	Data: 26/05/2026	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
Datas importantes fin de curso. Documentación final de curso. Programacións: apartado "Seguemento". Libros e material curso 2026/27. Festa fin de curso. Biblioteca e memorias finais. Espazos comúns.			

Reunión Nº: 4	Data: 30/06/2026	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
Memoria anual 25-26. Aprobación. Plans e proxectos curso 26-27. Calendario escolar 2026/27. Organización vindeiro curso. PDI curso 2026/27.			

2.2. CONSELLO ESCOLAR

Reunión Nº: 1	Data: 19/09/2025	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
Presuposto curso escolar 2025-2026 Calendario escolar curso 2025- 2026			

Aprobación da posibilidade de entrar nos distintos plans e solicitar axudas para o presente curso (Spring Week, axudas para o fomento do galego, Faro Esola, Lòva, auxiliar de conversa, PLAMBE, club de lectura).

Reunión Nº: 2	Data: 22/09/2025	Ordinaria:	Extraordinaria: X
Temas tratados:			
Cesión e elección da directora.			

Reunión Nº: 3	Data: 29/01/2026	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
Contas 2025.			

Reunión Nº: 4	Data: 30/06/2026	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
Aprobación Memoria Anual Aprobación PLEA Información actividades extraescolares curso 26-27 Admisión curso 2026- 2027			

3. VALORACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE: CCP

3.1. REUNIÓN E TEMAS TRATADOS

Reunión Nº: 1	Data: 9/09/2025	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados:			
1. Letura e aprobación do acta anterior. 2. Rexistro actividades para a memoria do PLAMBE (Nome da actividade, descrición e unha foto) 3. PDI do curso 25/26: A arte. 4. Saídas didácticas (planificadas con tempo), granxas. 5. Proxectos Xunta para o vindeiro curso. 6. Rogos e preguntas.			
- A reunión desenvolveuse con normalidade, resolvendo e falando dos temas propostos.			

Reunión Nº: 2	Data: 2º trimestre	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados: Non se levou a cabo esta reunión por temas organizativos, dando prioridade a outras reunións.			

Reunión Nº: 3	Data: 23/06/26	Ordinaria: X	Extraordinaria:
Temas tratados: 1. Lectura e aprobación do acta anterior 2. Convivencia curso 26-27 3. Revisar criterios de avaliación 4. PLEA: Competencia escrita-Esquemas e resumos 5. Biblioteca: Club de lectura- Utilización da biblioteca 6. Proxectos para o vindeiro curso: Proxecto Terra- Faro Escola- Plan Dixital- Depoemprende- Spring Week - LÖVA 7. PLAMBE 8. PROENS 9. Formacións profesorado: Radio - Matemáticas: Método Singapu 10. Rogos e preguntas: Importancia de facer e rexistrar titorías coas familias.			
- A reunión desenvolveuse con normalidade, resolvendo e falando dos temas propostos.			

3.2. REVISIÓN DOS DISTINTOS APARTADOS DA CONCRECIÓN CURRICULAR DO CENTRO E PROPOSTAS DE MELLORA E MODIFICACIÓNS PARA O CURSO SEGUINTE

A concreción curricular foi modificada neste curso e queda pendente da súa revisión para setembro.

4. VALORACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

4.1. TRANSPORTE

Ruta do bus: Valoración positiva. Este curso fíxose máis curta que en cursos anteriores.

Rutas das furgonetas É necesario mellorar este aspecto, dado que a excesiva flexibilidade concedida ás familias e as modificacións continuas complican a planificación e a organización diaria das rutas

4.2. COMEDOR

Resultado: Satisfactorio.

Propostas de mellora:

4.3. PLAN MADRUGA

Resultado: Satisfactorio.

Propostas de mellora:

5. VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Resultado: Satisfactorio.

Propostas de mellora: Facer máis grupos da extraexcolar (Fun English e Skills Lab) según nivel e ampliar a oferta.

6. VALORACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Resultado: Simulacros realizados sen incidencias.

Propostas de mellora: Débese continuar facendo simulacros todos os anos para que todo o profesorado e alumnado sexa coñecedor do plan.

7. VALORACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

Descrición das actividades formativas

Durante este curso desenvolvéronse diversas actividades formativas de gran interese e utilidade para o profesorado, cunha valoración moi positiva tanto pola súa calidade como pola súa aplicación práctica na vida do centro.

Seminarios (Biblioteca e Polos Creativos)

A participación nos seminarios de Biblioteca Escolar e Polos Creativos permitiu intercambiar experiencias, coñecer novas metodoloxías e adquirir recursos para mellorar a práctica docente. Estas formacións favoreceron o traballo colaborativo entre o profesorado e a implementación de proxectos innovadores.

Formación de Biblioteca Escolar

As distintas accións formativas relacionadas coa biblioteca escolar, especialmente as referidas á nova catalogación en Koha e á dinamización lectora, foron moi útiles para mellorar a organización e xestión dos fondos, así como para impulsar a biblioteca como espazo de innovación, colaboración e aprendizaxe. A formación contribuíu a reforzar a competencia lectora, o acceso á información e o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares.

Formación nos Polos Creativos: Impresión 3D

A formación no uso da impresión 3D tivo unha excelente acollida debido á súa aplicabilidade en distintas áreas e materias. Esta tecnoloxía abre novas posibilidades para o desenvolvemento de proxectos interdisciplinares, o traballo competencial, o deseño, o modelado e a fabricación de pezas e materiais didácticos, favorecendo metodoloxías activas e innovadoras.

Formación LÓVA (La Ópera, un Vehículo de Aprendizaxe)

A formación no proxecto LÓVA resultou especialmente satisfactoria para profesorado e alumnado. O programa fomenta a creatividade, o traballo en equipo, a autonomía, a responsabilidade e as habilidades de comunicación, converténdose nunha ferramenta de gran valor para o desenvolvemento das competencias clave e da educación emocional. Diversos estudos destacan, ademais, a súa contribución á mellora da motivación, da convivencia e do sentimento de pertenza ao grupo.

Formación en Comunicación Non Violenta

A formación en Comunicación Non Violenta para todo o profesorado foi valorada moi positivamente. Proporcionou ferramentas para mellorar a escoita activa, a empatía e a resolución pacífica dos conflitos, favorecendo relacións máis saudables entre os distintos membros da comunidade educativa e contribuíndo á mellora da convivencia escolar e do clima de centro. A investigación educativa sinala que este enfoque promove relacións interpersoais máis positivas e reduce os conflitos nas aulas.

En conxunto, todas estas accións formativas contribuíron á actualización pedagóxica do profesorado, ao fortalecemento da cultura de colaboración e á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe e da convivencia no centro educativo.

8. VALORACIÓN DOS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

Programa/ Plan	E-DIXGAL (5º e 6º EP e a ESO)
Valoración	Edixgal: Positiva en canto o uso por parte dos axentes afectados (alumnado e profesorado) do equipamento dispoñible.
Resultados	Fíxose un uso satisfactorio do equipamento EDIXGAL por parte tanto do alumnado como do profesorado. Fíxose uso do EVA por parte do alumnado e do profesorado no día a día da aula, integrándoo como un recurso máis no proceso de ensino-aprendizaxe. Utilizáronse en maior medida os recursos que o profesorado sube ao EVA fronte aos integrados na rede, por consideralos máis axeitados ás características e necesidades do grupo de alumnado co que se traballa. EDIXGAL empregouse de forma esporádica como un recurso complementario dentro da práctica docente, sendo o caderno de traballo o instrumento utilizado durante a maior parte do tempo lectivo. Favoreceuse o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado mediante o uso do EVA, do equipamento EDIXGAL e doutros recursos tecnolóxicos, promovendo un emprego responsable, autónomo e funcional das ferramentas dixitais.
Propostas de mellora	Insistir ao principio de curso da necesidade de que as familias fagan o seguro opcional para que o equipamento do alumnado poida ser reparado sen coste adicional para as familias.

Programa/ Plan	PLAN PROXECTA. PROXECTO TERRA
Valoración	Satisfactoria.
Resultados	O alumnado mostrou interese e participación activa no coñecemento da súa contorna, mellorando a súa capacidade de observación e comprensión dos espazos próximos. Ademais, fomentáronse actitudes de respecto e coidado do medio ambiente, potenciouse a expresión oral, artística e corporal, e contouse cunha valiosa implicación da comunidade educativa, enriquecendo o proceso de aprendizaxe. Como complemento ao proxecto, realizouse unha visita á Santiago de Compostela, ofrecida polo proxecto, unha experiencia moi enriquecedora que permitiu ao alumnado ampliar o seu coñecemento do patrimonio cultural, histórico e urbano, reforzando así as aprendizaxes traballadas na aula.

Propostas de mellora	Preparar para o vindeiro curso outros proxectos de Plan Proxecta. Ver a posibilidade de traballar distintos proxectos por ciclos.
-----------------------------	---

Programa/ Plan	PLURILINGÜE
Valoración	Positiva, xa que favorece o uso real da lingua estranxeira nun contexto distinto e motivador. Supón unha ampliación do tempo de contacto coa lingua inglesa. Ademais o centro conta co apoio dun auxiliar de conversa que axuda e contribúe ao éxito do programa.
Resultados	Lógrase unha maior motivación cara o uso da lingua estranxeira na aula. Supón un reforzo na comprensión e expresión orais e un aumento no coñecemento de vocabulario e expresións na lingua estranxeira.
Propostas de mellora	Continuar co auxiliar de conversa.

Programa/ Plan	PLAMBE
Valoración	Positiva
Resultados	Utilización da biblioteca como recurso didáctico, fomentando a lectura, a competencia informacional e o traballo por proxectos integrados.
Propostas de mellora	Continuar con actividades de dinamización da biblioteca, o club de lectura, voluntarios da biblioteca, etc.

Programa/ Plan	POLOS CREATIVOS
Valoración	Positiva
Resultados	Consolidación do FAI LAB como espazo de innovación pedagóxica. Integración interdisciplinar en proxectos curriculares reais. Recoñecemento coa concesión do premio da Xunta de Galicia "A 10ª sobre o horizonte". Ampliación do uso da biblioteca como espazo de creación. Incremento da motivación do alumnado.
Propostas de mellora	Continuaremos coa formación do profesorado para poder explorar novas tecnoloxías e material da nosa dotación de polos como pode ser a programación e robótica. Consolidar a nosa participación en proxectos externos.

Programa/ Plan	DEPOEMPRENDE
Valoración	Positiva
Resultados	A participación en DepoEmprende foi moi positiva. O alumnado creou dúas empresas escolares, unha delas en 6º de Primaria e outra en 4º da ESO, desenvolvendo todas as fases dun proxecto emprendedor.

	Os 400 € obtidos polo alumnado foron entregados a “A Bicos de Papel”, unha iniciativa solidaria que axuda a nenos e nenas con cancro, o que engade un importante valor social á experiencia. O programa favoreceu o traballo en equipo, a creatividade, a responsabilidade e a competencia emprendedora, resultando unha experiencia moi enriquecedora.
Propostas de mellora	Continuar co programa

Programa/ Plan	LÒVA
Valoración	Positiva
Resultados	Creación por parte do alumnado dunha compañía de ópera escolar, na que se levou a cabo o deseño e a representación dunha ópera orixinal elaborada polo propio grupo, fomentando a creatividade, o traballo colaborativo e a expresión artística. A actividade contribuíu de maneira significativa á mellora da cohesión grupal, fortalecendo os vínculos entre o alumnado, favorecendo a cooperación, a comunicación e o sentimento de pertenza ao grupo, e promovendo un clima de traballo positivo e colaborativo.
Propostas de mellora	Continuar no Programa LÒVA

Programa/ Plan	FARO DA ESCOLA
Valoración	Positiva
Resultados	Elaborouse un xornal escolar coa participación de todo o colexio. O alumnado coñeceu e participou activamente no proxecto <i>Faroescola</i>, o periódico escolar creado de maneira colaborativa entre todo o alumnado do centro. Ao longo do curso, os nenos e nenas participaron na procura de información, na redacción de noticias, na realización de entrevistas, na elaboración de reportaxes e na creación de diferentes contidos relacionados coa vida do colexio e coa súa contorna. Esta iniciativa favoreceu o traballo en equipo, a expresión oral e escrita, a creatividade, o pensamento crítico e o uso responsable da información, convertendo o xornal escolar nun espazo de comunicación, aprendizaxe e participación de toda a comunidade educativa.
Propostas de mellora	Continuar no proxecto.

Programa/ Plan	SPRING WEEK
Valoración	Positiva
Resultados	O alumnado de 6º de Educación Primaria participou na actividade “Spring Week”, unha semana de inmersión lingüística en inglés que se desenvolveu de maneira moi satisfactoria. Durante esta experiencia, o alumnado tivo a oportunidade de mellorar a súa competencia comunicativa en lingua inglesa a través de actividades lúdicas, dinámicas e contextualizadas, favorecendo o uso real da lingua en situacións cotiás. A semana caracterizouse por un ambiente moi positivo de participación, motivación e implicación por parte do alumnado, que amosou interese constante e unha actitude aberta cara ao uso do inglés. A actividade contribuíu significativamente ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, así como á autonomía persoal, ao traballo cooperativo e á confianza á hora de expresarse en lingua estranxeira.
Propostas de mellora	Presentar o proxecto no vindeiro curso.

9. VALORACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

9.1. VALORACIÓN DAS ACTUACIÓNS OU PROGRAMAS QUE FAVORECERON A CONVIVENCIA INCLUÍNDOLAS MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN

Actuación: PROTOCOLO 4º EP		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☒ 2º T ☒ 3º T ☒	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Titor, departamento de orientación	
Resultados	Positivos. Desenvolvemento de dinámicas de convivencia desde o Departamento de Orientación en gran grupo, pequeno grupo e intervención individual, promovendo a inclusión, a convivencia positiva e as competencias socioemocionais.	
Propostas de mellora	Continuar con dinámicas de cohesión de grupo e comunicación efectiva	

Actuación: Intervencións en 2º EP		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☐ 2º T ☒ 3º T ☒	☒ Positiva ☐ Negativa

Responsables	Departamento de orientación e titora
Resultados	Positivos.Desenvolvemento de intervencións dirixidas a favorecer as relacións positivas entre iguais, respectando a diversidade e as características individuais de cada alumno e alumna, potenciando a cohesión grupal, a axuda entre compañeiros e a capacidade de pedir apoio cando é preciso, co fin de promover unha convivencia inclusiva e un sentimento de pertenza ao grupo.
Propostas de mellora	Dar continuidade ás intervencións orientadas ao reforzo da cohesión grupal e á adquisición de habilidades para a resolución de problemas e conflitos, favorecendo a participación, a cooperación e a convivencia positiva na aula.

Actuación: Intervención en 6º EI		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Departamento de Orientación. Profesorado de infantil	
Resultados	Positivos. Leváronse a cabo actuacións dirixidas a mellorar a cohesión grupal, reforzar a autoestima e promover unha percepción positiva de si mesmo/a e dos demais, fomentando o respecto polas diferenzas individuais e as relacións de apoio entre iguais.	
Propostas de mellora	Seguir traballando a cohesión grupal, a autoestima, o autocoñecemento e as relacións positivas entre iguais, potenciando a empatía, o respecto polas diferenzas individuais e as habilidades para a resolución de conflitos e a colaboración.	

Actuación: INTERVENCIÓN 3º EP		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☐ 2º T ☐ 3º T ☒	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Departamento de orientación e titor	
Resultados	Positivos.Impulsar a creación de asembleas grupais como espazos de diálogo e participación, favorecendo a comunicación entre iguais, a escoita activa, a expresión de emocións e necesidades e a resolución compartida de conflitos, co fin de mellorar a convivencia e fortalecer a cohesión do grupo.	
Propostas de mellora	Como propostas de mellora, considérase conveniente consolidar a realización de asembleas grupais periódicas como espazos de diálogo, participación e escoita activa, co fin de mellorar a comunicación entre iguais, favorecer a expresión de necesidades e emocións, fortalecer a cohesión grupal e promover a resolución pacífica de conflitos.	

Actuación: INTERVENCIÓN 1º EP		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☒ 2º T ☒ 3º T ☒	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Departamento de orientación e profesorado.	

Resultados	Positivo. Desenvolvéronse intervencións dirixidas á acollida e integración do novo alumnado, a través de dinámicas de convivencia, actividades de cohesión grupal e propostas de aprendizaxe cooperativa e xogos colaborativos, favorecendo a participación, a creación de vínculos entre iguais e a inclusión efectiva no grupo-clase. Desenvolvéronse intervencións orientadas á resolución de conflitos e ao desenvolvemento da empatía, promovendo a identificación e expresión adecuada das emocións, a escoita activa, o respecto polos demais e a adquisición de estratexias de diálogo e convivencia positiva entre iguais.
Propostas de mellora	Continuar potenciando a empatía e as estratexias de resolución pacífica de conflitos, promovendo a comunicación respectuosa, a xestión das emocións e o respecto polos sentimentos e puntos de vista dos demais.

Actuación: INTERVENCIÓN 1º ESO		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☐ 2º T ☒ 3º T ☒	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Departamento de orientación e titora	
Resultados	Positivos. Leváronse a cabo intervencións individuais centradas no desenvolvemento das habilidades sociais e na mellora da interacción co grupo de iguais, abordando dificultades propias da etapa adolescente relacionadas coa imaxe de si mesmo/a, a autoestima, a empatía e as relacións sociais. Traballáronse estratexias para favorecer o autocoñecemento, a comunicación efectiva, a integración no grupo e o establecemento de relacións interpersoais positivas.	
Propostas de mellora	Reforzar as intervencións individuais en habilidades sociais, mellorando a interacción cos iguais e traballando a autoestima, a imaxe de si mesmo/a, a empatía e as estratexias de relación e comunicación social.	

Actuación: INTERVENCIÓN 3º ESO		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☒ 2º T ☒ 3º T ☒	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Departamento de orientación e titora	
Resultados	En proceso. Desenvolvéronse intervencións individuais centradas na mellora da convivencia e da cohesión co profesorado, así como no abordaxe de dificultades emocionais individuais, favorecendo a expresión e xestión das emocións, a mellora da comunicación e o fortalecemento das relacións positivas no contexto educativo.	
Propostas de mellora	En proceso de intervención individual para mellorar a convivencia e a cohesión co profesorado e abordar dificultades emocionais. Como proposta de mellora, continuar reforzando a xestión emocional, a comunicación e as relacións positivas no contexto educativo.	

Actuación:INTERVENCIÓN INFANTIL		
Curso/Nivel	Temporalización	Valoración
	1º T ☒ 2º T ☐ 3º T ☐	☒ Positiva ☐ Negativa
Responsables	Departamento de orientación e titoras	
Resultados	Positivo.Desenvolvéronse actuacións de integración na aula orientadas ao coñecemento entre o alumnado e ao fortalecemento das relacións entre compañeiros/as, favorecendo procesos de acollida no centro, a adaptación ao novo contexto educativo e a creación dun clima de aula acolledor, inclusivo e de convivencia positiva.	
Propostas de mellora	Continuar desenvolvendo dinámicas de cohesión grupal e actividades de educación emocional que favorezan o coñecemento mutuo e o respecto entre iguais. Reforzar os programas de acollida para o alumnado de nova incorporación, facilitando unha adaptación progresiva e personalizada ao centro.	

9.2. NÚMERO DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA DO CENTRO

Faltas de conductas leves		
Curso/nivel	Xénero	Total
3ºEP	Masculino	1
1ºESO	Masculino	2
3ºESO	Masculino	3
4ºESO	Masculino	1

Faltas de conducta graves				
Curso/nivel	Xénero	Trasladada á Fiscalía	Revisión polo Consello Escolar	Total
1ºESO	Masculino	non		1

9.3. ASPECTOS SALIENTABALES DO INFORME ANUAL REALIZADO POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Durante o presente curso escolar, a Comisión de Convivencia do centro realizou o seguimento continuado do clima escolar, a análise das incidencias rexistradas e a valoración das actuacións desenvolvidas no marco do Plan de Convivencia.

En termos xerais, conséntase un **clima positivo de convivencia**, caracterizado por unha relación respectuosa entre o alumnado e o profesorado, así como pola existencia dun ambiente de traballo decuado para o desenvolvemento das aprendizaxes.

Entre os aspectos máis relevantes destacan:

- **Redución ou mantemento baixo das condutas contrarias á convivencia**, sen incidencias graves de carácter estrutural.
- **Aplicación coherente das normas de convivencia do centro**, garantindo criterios comúns de actuación en tódolos niveis educativos.
- **Intervención temperá ante conflitos**, priorizando a mediación, o diálogo e as medidas educativas fronte ás sancionadoras.
- **Desenvolvemento de accións preventivas**, incluíndo titorías, dinámicas de grupo, educación emocional e actividades de cohesión.
- **Fomento da participación do alumnado**, especialmente a través de estratexias de resolución pacífica de conflitos e responsabilidade compartida.
- **Implicación das familias**, mediante a comunicación continua e a colaboración co equipo docente na xestión de incidencias puntuais.
- **Coordinación efectiva entre titorías, orientación e equipo directivo**, o que permitiu unha resposta áxil e coherente ante as situacións detectadas.

No marco do Plan de Convivencia, considérase especialmente positivo o avance na **prevención do acoso escolar e na sensibilización do alumnado**, así como o reforzo das dinámicas de inclusión e respecto á diversidade.

9.4. CONCLUSIÓNS DA MEMORIA ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A análise global do curso permite concluír que o centro mantén un **clima de convivencia estable, positivo e funcional**, no que predomina o respecto entre os distintos membros da comunidade educativa e un adecuado desenvolvemento da actividade lectiva.

Destácase a **eficacia das medidas preventivas e educativas** recollidas no Plan de Convivencia, que contribúen á redución de condutas contrarias ás normas e á xestión temperá dos conflitos, priorizando o diálogo, a mediación e a intervención educativa fronte ás medidas sancionadoras.

Así mesmo, ponse en valor a **implicación do profesorado, do departamento de orientación e do equipo directivo**, cuxa coordinación permite unha resposta coherente e áxil ante as situacións detectadas, favorecendo a unidade de criterios de actuación. Salienta igualmente o **incremento das accións de sensibilización do alumnado**, especialmente no referido á prevención do acoso escolar, á educación emocional e ao fortalecemento da convivencia positiva, así como o avance nas dinámicas de inclusión e respecto á diversidade.

A participación das familias continúa a ser un elemento relevante, contribuíndo á mellora da comunicación e ao seguimento conxunto das situacións individuais que así o requiren.

En síntese, o Plan de Convivencia consolídase como un instrumento eficaz para a mellora do clima escolar, favorecendo un entorno seguro, inclusivo e propicio para a aprendizaxe.

9.5. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

De cara ao próximo curso escolar, propónse continuar afondando na mellora do Plan de Convivencia mediante diferentes liñas de actuación.

En primeiro lugar, considérase conveniente a realización de **reunións periódicas con grupos de familias**, co obxectivo de reforzar a súa participación, mellorar a comunicación centro-familia e favorecer unha maior implicación compartida na xestión da convivencia escolar.

Así mesmo, sublíñase a importancia dos **protocolos de actuación establecidos**, especialmente no relativo á prevención, detección e intervención ante posibles conflitos ou situacións de acoso escolar, incidindo na necesidade de garantir a súa correcta aplicación por parte de toda a comunidade educativa, así como na súa difusión e coñecemento efectivo.

En relación coa organización da convivencia no centro, considérase prioritario **mellorar e consolidar o equipo de mediación na Educación Secundaria Obligatoria (ESO)**, reforzando a súa formación, seguimento e implicación nas tarefas de resolución pacífica de conflitos. Do mesmo xeito, propónse a **creación dun equipo de mediación na Educación Primaria**, adaptado ás características evolutivas do alumnado, co fin de favorecer desde idades temperás a aprendizaxe de estratexias de diálogo, escoita activa e resolución positiva de conflitos.

Por outra banda, propónse continuar reforzando as estratexias de educación emocional, mediación e participación do alumnado como eixos fundamentais para consolidar unha convivencia positiva, inclusiva e estable.

Finalmente, incídese na necesidade de seguir fortalecendo a coordinación entre titorías, departamento de orientación e equipo directivo, co obxectivo de garantir unha resposta coherente, áxil e eficaz ante as situacións que poidan xurdir.

10. SEGUIMIENTO DE PROTOCOLOS DA CONSELLERÍA

PROTOCOLOS								
TEA	TDAH	Urxencias sanitarias e enfermidade crónica	Atención educativa hospitalaria	Acoso e ciberacos o escolar	Risco suicida	Altas capacidades	Deficiencia auditiva	Down
8	11	7	2	0	2	9	1	1

Observacións: Esecificar os casos nos que acabou derivándose a ouro servizo.

11. MEMORIA DO PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

11.1. AVALIACIÓN DO ALUMNADO

CURSO	Nº de alumnas/os	Superan o ciclo e promocionan	Non superan o ciclo/curso e promocionan	Non superan o ciclo/curso e non promocionan
4º EI	15	15	0	0
5º EI	16	16	0	0
6º EI	9	9	0	0
1º EP	18	18	0	0
2º EP	25	25	0	0
3º EP	25	25	0	0
4º EP	24	23	0	1
5º EP	25	25	0	0
6º EP	26	26	0	0
1º ESO	30	30	0	2
2º ESO	26	26	0	2
3º ESO	15	15	0	2
4º ESO	25	25	0	1

11.2. EXENCIONS DE GALEGO/ MÚSICA

Ningún alumno/a está exento da área de Lingua galega.

Un alumno de 2º ESO está exento de Música.

12. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE BIBLIOTECA

Obxectivo 1: Mellorar a competencia lectora do alumnado a través de actividades planificadas.											
Acción 1	PADRIÑOS LECTORES										
Indicador/es	Número de sesións realizadas, porcentaxe de alumnado participante.										
Criterio de aceptación	Realizar polo menos 1 sesión bimensual e conseguir un 40% de participación.										
Temporalización	Set ☐	Out ☒	Nov ☐	Dec ☒	Xan ☐	Feb ☒	Mar ☐	Abr ☒	Maio ☐	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo da biblioteca escolar, profesorado tutor.										
Recursos/materiais	Fondos bibliográficos, espazo da biblioteca.										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☒ Non conseguido ☐										
Resultados	Fixéronse tres padriños lectores, un por trimestre.										
Propostas de mellora	Aumentar a realización de sesión, non tendo que facelo todo o cole ao mesmo tempo.										
Acción 2	LECTURA INTER AULAS										
Indicador/es	Número de encontros realizados, producións posteriores.										
Criterio de aceptación	Realizar 3 encontros anuais e que o 70% do alumnado entregue unha produción.										
Temporalización	1º Trimestre ☒			2º Trimestre ☒				3º Trimestre ☐			
Responsable	Biblioteca e profesorado de Lingua.										
Recursos/materiais	Libros do autor/a, medios audiovisuais.										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☒ Non conseguido ☐										
Resultados	Os encontros que se fixeron foron positivos.										
Propostas de mellora	Facer unha organización máis pechada para que se poidan realizar os encontros.										

13. VALORACIÓN DA CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA

Obxectivo 1: Fomentar o hábito lector e o gusto pola lectura.											
Acción 1	Estimular e desenvolver a necesidade e o pracer por ler, fomentando a creatividade e a imaxinación do alumnado mediante a práctica da lectura.										
Indicador/es	HORA DE LER										
Criterio de aceptación	Ler todos os días nas materias, distintas das linguas, 20 minutos aprox.										
Temporalización	Set ☒	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuño ☒	Xullo ☒
Responsable	Biblioteca profesorado materias excepto lingua										
Recursos/materiais	Libros da biblioteca ou do alumnado.										
Grao de consecución	Conseguido ☒ Parcialmente ☐ Non conseguido ☐										
Resultados	Positivo										
Propostas de mellora	Continuar coa actividade.										

Acción 2	Converter a Biblioteca Escolar nun espazo dinámico para o desenvolvemento da competencia lectora e o fomento do hábito lector de toda a comunidade educativa.										
Indicador/es	Asistencia á biblioteca por parte de alumnado e familias.										
Criterio de aceptación	Realizar polo menos 1 sesión trimestral e conseguir un 40% de participación.										
Temporalización	Set ☐	Out ☐	Nov ☐	Dec ☒	Xan ☐	Feb ☐	Mar ☒	Abr ☐	Maio ☐	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo Biblioteca e profesores de garda										
Recursos/materiais	Biblioteca de primaria e secundaria										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☐ Non conseguido ☒										
Resultados	Participación dun 10%										
Propostas de mellora	Realizar máis actividades entre o profesorado de garda para promover a utilización da biblioteca e realizar o vindeiro curso.										
Acción 3	Realización de amadriñamentos/apadriñamentos lectores e/ou lecturas compartidas (dirixida a todos os cursos de infantil, primaria e secundaria)										
Indicador/es	O 80% do alumnado aumenta a súa motivación e gusto pola lectura así como o seu hábito lector.										
Criterio de aceptación	O 60% do alumnado aumenta a súa motivación e gusto pola lectura.										
Temporalización	Set ☐	Out ☒	Nov ☒	Dec ☒	Xan ☒	Feb ☒	Mar ☒	Abr ☒	Maio ☒	Xuño ☒	Xullo ☐
Responsable	Equipo de biblioteca e equipo docente.										
Recursos/materiais	Fondos da biblioteca de centro e das bibliotecas de aula.										
Grao de consecución	Conseguido ☐ Parcialmente ☒ Non conseguido ☐										
Resultados	Positivo polo tempo lector compartido e polo vínculo que se xenera.										
Propostas de mellora	Aumentar os momentos de lecturas compartidas. Continuar o vindeiro curso.										

Obxectivo 2: Implicar á comunidade educativa na actividade lectora.

Acción 1	Mochilas viaxeiras e actividades que impliquen ás familias no proceso lector.										
Indicador/es	O 70% das familias acollen as actividades propostas e participa delas de xeito activo.										
I. MEMORIA DEL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

A. MEMORIA DO EQUIPO PSICOLÓXICO

1. Probas colectivas

No marco das actuacións de avaliación psicopedagóxica do centro, aplicouse de forma colectiva a proba BADyG ao alumnado de 6º de Educación Primaria, co propósito de obter información relevante e complementaria sobre as capacidades cognitivas xerais e as aptitudes básicas do alumnado.

A administración da proba realizouse en condicións normalizadas, se ben durante o proceso de aplicación se observaron determinadas circunstancias que deben ser consideradas na interpretación dos resultados. De maneira xeral, o alumnado presentou dificultades para manter unha atención sostida e unha implicación continuada na tarefa, apreciándose episodios recorrentes de dispersión atencional, perda do fío condutor das actividades e necesidade de reiteración das instrucións por parte do persoal aplicador.

Estas dificultades fixéronse especialmente evidentes nos períodos próximos aos descansos, nos que se detectou unha diminución significativa da concentración, así como unha menor persistencia na resolución das tarefas propostas. En consecuencia, considérase que os resultados obtidos poden non reflectir de maneira plenamente fidedigna o potencial real dalgúns alumnos e alumnas, polo que se recomenda que sexan interpretados de forma cautelosa e sempre en combinación con outras fontes de información de carácter cualitativo e cuantitativo antes de adoptar decisións educativas de relevancia.

2. Grupos de reforzo educativo

Os diferentes grupos de reforzo educativo desenvolvidos ao longo do presente curso escolar están recollidos nas correspondentes memorias específicas das especialistas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), incluíndo tamén as actuacións levadas a cabo no ámbito da logopedia, integradas na memoria desta última profesional. Así mesmo, os grupos de reforzo

establecidos na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) quedan reflectidos na memoria do departamento de Orientación.

No presente curso 2025/2026 incorporáronse actuacións específicas de reforzo educativo no 1º ciclo de Educación Primaria, centradas de maneira prioritaria no desenvolvemento e consolidación das competencias de lectoescritura. Estas intervencións tiveron como finalidade mellorar os procesos de adquisición da lectura e da escritura, incidindo na fluidez lectora, na comprensión de textos, na precisión ortográfica inicial e na estruturación básica de producións escritas, mediante metodoloxías adaptadas ao nivel competencial do alumnado.

Do mesmo xeito, na etapa de Educación Infantil implementáronse medidas de reforzo individualizado orientadas ao desenvolvemento das destrezas manuais e da motricidade fina. Estas actuacións centráronse na mellora da coordinación óculo-manual, na precisión dos movementos, no control do trazo e no fortalecemento das habilidades preescritoras, consideradas fundamentais para a posterior adquisición da lectoescritura formal. Estas intervencións realizáronse mediante actividades manipulativas, xogos estruturados e propostas adaptadas ás necesidades específicas de cada alumno ou alumna.

3. Adaptacións curriculares

As adaptacións curriculares constitúen unha medida de atención á diversidade dirixida ao alumnado con necesidades educativas específicas, co obxectivo de garantir o acceso efectivo ao currículo e favorecer o máximo desenvolvemento das súas competencias. Estas adaptacións implican a modificación, priorización ou, no seu caso, supresión de determinados elementos curriculares, en función das características individuais e das necesidades detectadas en cada caso.

A súa planificación e implementación baséase nunha resposta educativa personalizada, na que se axustan a metodoloxía, os contidos, os criterios de avaliación e os recursos didácticos, co fin de asegurar a inclusión e a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

No presente curso escolar 2025/2026, consta a existencia de dous alumnos con adaptación curricular significativa (ACS) na etapa de Educación Primaria, cuxas medidas educativas se desenvolveron de acordo coas directrices establecidas pola normativa vixente e en coordinación co equipo docente e o departamento de orientación.

4. Intervencións psicolóxicas e psicopedagóxicas

As intervencións psicolóxicas e psicopedagóxicas realizadas ao longo do curso escolar desenvólvense a partir das demandas formuladas tanto polas familias como polos equipos docentes, así como das observacións sistemáticas realizadas polo equipo de orientación nos diferentes contextos educativos: aula ordinaria, recreos, comedor escolar, actividades complementarias, saídas extraescolares e servizo de transporte.

Estas actuacións teñen como finalidade a detección, valoración e intervención sobre aqueles factores que poidan estar a influír no desenvolvemento académico, emocional ou condutual do alumnado, tendo en conta unha perspectiva global e integradora que contemple o contexto familiar, escolar e social.

As intervencións oríéntanse á mellora do benestar e do desenvolvemento integral do alumnado, establecendo canles de comunicación eficaces e estables entre os diferentes axentes implicados no proceso educativo. Neste sentido, considérase esencial a colaboración activa e coordinada entre familia, alumnado e profesorado, como eixos fundamentais para a optimización dos procesos de ensino-aprendizaxe e para a consecución dunha resposta educativa inclusiva e de calidade.

EDUCACIÓN INFANTIL

- Ao longo do período de adaptación ofreceuse apoio dentro da aula para facilitar a integración do alumnado no centro, promovendo a creación de vínculos positivos co profesorado, cos iguais e co novo contorno educativo.
- Realizáronse reunións a demanda coas titoras para poñer en común as necesidades dos alumnos tanto a nivel grupal como individual.
- Mantívose unha colaboración continua coas familias mediante entrevistas e reunións de seguimento, co obxectivo de intercambiar información relevante sobre a evolución do alumnado e proporcionar orientacións e pautas educativas que favorecesen o seu desenvolvemento tanto no ámbito familiar como no escolar.
- Realizáronse observacións sistemáticas en diferentes contextos educativos para a detección temperá de posibles necesidades específicas de apoio educativo, facilitando a posta en marcha das medidas de atención máis axeitadas.

- Realizáronse intervencións individuais co alumnado, co fin de detectar e atender necesidades emocionais, ofrecer apoio ante posibles dificultades socioemocionais e valorar aspectos relacionados co proceso de aprendizaxe e desenvolvemento.
- Mantívose unha coordinación periódica con profesionais externos implicados na atención do alumnado, promovendo o intercambio de información relevante e o seguimento conxunto da súa evolución, sempre dentro do marco de colaboración entre os distintos axentes educativos e de atención especializada.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- Leváronse a cabo intervencións grupais nas aulas destinadas a favorecer a cohesión de grupo, o desenvolvemento da comunicación asertiva, o fortalecemento da autoestima e a adquisición de habilidades sociais que contribúan a unha convivencia respectuosa e enriquecedora.
- En coordinación cos titores, elaboráronse e implementáronse recursos e estratexias dirixidas a dar resposta ás distintas necesidades sensoriais presentes nas aulas, favorecendo a participación e o acceso á aprendizaxe en condicións de equidade.
- Colaborouse co profesorado na creación e posta en marcha de medidas orientadas a promover a integración social do alumnado, fortalecer o sentimento de pertenza ao grupo e facilitar a participación activa de todos os membros da comunidade educativa.
- Cando foi necesario, participouse na implementación de medidas restaurativas e actuacións de acompañamento relacionadas coa xestión de conflitos e coa mellora da convivencia escolar, en coordinación cos distintos profesionais implicados.
- Intervencións puntuais durante os períodos de recreo, co obxectivo de promover a inclusión nas dinámicas de xogo, favorecer a participación de todo o alumnado e previr situacións de illamento ou exclusión social.
- Mantívose unha coordinación periódica cos profesionais externos implicados na atención do alumnado, a través de reunións de seguimento e intercambio de información, co fin de favorecer unha intervención coherente e coordinada entre os distintos ámbitos de actuación e promover unha resposta axustada ás necesidades detectadas.
- Realizáronse avaliacións psicopedagógicas mediante a aplicación de instrumentos estandarizados de valoración, co fin de detectar posibles necesidades específicas de apoio

educativo, identificar os seus perfís de aprendizaxe e proporcionar orientacións que favorezan o seu desenvolvemento persoal, social e académico.

1) Calendario de reunións

Reunións co Persoal Docente

- Equipo directivo para seguimento de casos, valoración de necesidades, xestión de documentación e deseño de accións a realizar. A demanda
- Orientadora e psicóloga para seguimento de casos de EI-EP-ESO. Periodicidade semanal.
- Equipo de orientación educativa e psicopedagóxica; orientadora, psicóloga, mestra de PT, mestra de AL e dirección, para valoración de necesidades, seguimento de casos, propostas de mellora, xestión da documentación, deseño de accións a realizar, propostas de novos proxectos...Periodicidade semanal.
- Xefatura de estudos para seguimento de casos, xestión de documentación e exposición de necesidades. Sen periodicidade marcada.
- Profesorado para tratamento de casos/situacións concretos/as sobre os alumnos/as. A demanda.
- Profesorado de EI, Primaria e ESO nas reunións de avaliación. Periodicidade trimestral.
- Profesorado que solicita asesoramento puntual para o traballo en titorías. A demanda.
- Profesorado despois/durante entrevistas coas familias. A demanda.
- Profesorado para preparar as entrevistas conxuntas con familias. A demanda.

Reunións con centros externos.

- Con centros de carácter psicopedagógico que atenden ao noso alumnado con NEE coa finalidade de coordinar obxectivos de intervención e prazos.
- Con centros de carácter formativo a fin de valorar a súa oferta e presentar ao equipo directivo o interese de proporcionar charlas informativas no colexio dirixidas a alumnado e/ou familias e/ou docentes.
- Coa Asociación Menela para coordinar as intervencións cun alumno de 1ºEP e formar ao profesorado que intervéñ co menor con fin de xeneralizar o emprego de pictogramas a todos os contextos.

Reunións con Familias

1. Familias vinculadas ao centro. Formato individual. Temática e presencial:
 - Evolución dos/das seus/súas fillos/as
 - Evolución dos/as fillos/as, nalgúns ocasións coa presenza do profesor/a titor/a.
 - Pautas sobre a educación dos/das fillos/as na casa.
2. Familias non vinculadas ao centro.
 - Asesoramento telefónico e información a familia externa interesada en coñecer o funcionamento do gabinete psicopedagóxico e recursos do centro para atender á diversidade, co obxectivo de valorar a matriculación dun dos seus fillos que presenta NEE.

Reunións co alumnado.

Realizadas con motivo de:

- Falar sobre algunha situación comentada polo profesorado.
- Apoiar ao alumnado a demanda de situacións comentadas pola familia.
- Atender demandas presentadas por eles/as mesmos/as.

Con pequenos grupos para realizar intervencións puntuais sobre algunha situación do grupo e/ou dalgún/ha alumno/a en concreto.

2) Programas en marcha. Estratexias de aprendizaxe.

Sesións nos cursos 4º, 5º e 6º de primaria. As actividades desenvolvidas centráronse na importancia da organización e da xestión do tempo de estudo, traballando aspectos como a planificación das tarefas escolares, o establecemento de rutinas de traballo e á elaboración de horarios adaptados ás necesidades individuais. Tamén abordáronse diferentes métodos e técnicas de estudo co obxectivo de que cada alumno e alumna puidese reflexionar sobre o seu propio proceso de aprendizaxe e identificar aquelas estratexias que resultan máis efectivas segundo as súas características e estilo de aprendizaxe. Entre outros aspectos, traballáronse técnicas de resumo, esquematización, organización da información e preparación de probas de avaliación. Por outra banda, dedicouse unha especial atención á lectura activa como ferramenta fundamental para a comprensión e o estudo dos contidos escolares. Neste sentido, realizáronse actividades encamiñadas a mellorar a comprensión lectora.

3) Conclusións e propostas de mellora

Á vista da metodoloxía empregada na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e necesidades educativas especiais (NEE), e co obxectivo de avanzar nunha resposta educativa cada vez máis axustada e de maior calidade, considérase de interese continuar reforzando os recursos destinados ao gabinete psicopedagóxico. Neste sentido, sería conveniente seguir dotando ao departamento de instrumentos de avaliación individualizada que permitan explorar de maneira máis precisa as competencias cognitivas, emocionais e adaptativas do alumnado, facilitando así a elaboración de intervencións integrais e axustadas ás súas necesidades. Así mesmo, recoméndase potenciar a coordinación entre os distintos profesionais implicados na atención á diversidade, favorecendo que as especialistas de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) poidan dedicar unha parte significativa da súa intervención á elaboración de materiais adaptados, ao deseño de medidas de accesibilidade curricular e ao desenvolvemento de apoios sistemáticos. Estes apoios realizaranse prioritariamente dentro da aula ordinaria, promovendo contextos inclusivos de aprendizaxe, sen prexuízo de que, en determinados casos e tras a valoración conxunta do profesorado especialista, titorías e Equipo de Orientación, se considere máis beneficiosa unha intervención específica fóra da aula.

Ao longo do curso observáronse situacións relacionadas con dificultades na xestión emocional por parte dalgúns alumnos e alumnas da etapa de Educación Primaria. Estas dificultades maniféstanse a través de comportamentos disruptivos, respostas impulsivas ou condutas de carácter agresivo que interfíren tanto no benestar do propio alumnado como na dinámica da aula. Considérase prioritario continuar reforzando as actuacións dirixidas á detección temperá das necesidades emocionais do alumnado. Neste sentido, propónse afondar na coordinación entre o Departamento de Orientación e o profesorado co obxectivo de identificar de maneira máis eficaz os factores emocionais que poidan estar na base de determinadas condutas e establecer intervencións preventivas e de apoio axustadas ás necesidades de cada caso.

Así mesmo, considérase fundamental fortalecer a colaboración coas familias, promovendo canles de comunicación e coordinación máis estreitas que permitan compartir información relevante, unificar criterios educativos e favorecer unha resposta conxunta ás dificultades detectadas.

Por outra banda, recoméndase impulsar accións formativas dirixidas ao profesorado relacionadas coa educación emocional, a prevención e xestión de condutas problemáticas, a identificación de sinais de malestar emocional e a promoción do benestar psicolóxico na escola. Estas actuacións contribuirán a mellorar a capacidade do centro para ofrecer unha resposta integral ás necesidades socioemocionais do alumnado e favorecer un clima escolar máis positivo e inclusivo.

B. MEMORIA DE PT E AL

1. Introducción

Durante o presente curso escolar, os servizos de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) desenvolveron a súa intervención co obxectivo de dar resposta ás necesidades educativas do alumnado nun marco inclusivo, equitativo e personalizado. As actuacións realizadas centraronse na detección, prevención e intervención das dificultades de aprendizaxe, comunicación e linguaxe, así como no apoio ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

O traballo desenvolveuse de maneira coordinada co profesorado titor, o Departamento de Orientación, as familias e os diferentes profesionais externos implicados, co fin de garantir unha intervención coherente, continuada e adaptada ás características individuais do alumnado.

2. Desenvolvemento das actuacións

Ao longo do curso leváronse a cabo tarefas de avaliación inicial e continua do alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou da linguaxe, así como a organización dos apoios educativos e dos programas de intervención máis axeitados en cada caso.

As actuacións incluíron a elaboración e adaptación de materiais didácticos, o deseño e aplicación de programas de intervención individual e grupal, e o asesoramento ao profesorado en relación con metodoloxías inclusivas e medidas de atención á diversidade. Así mesmo, realizouse o seguimento das adaptacións curriculares e a elaboración da documentación psicopedagóxica correspondente.

Mantívose tamén unha coordinación sistemática coas familias, co obxectivo de favorecer a continuidade da intervención educativa no ámbito escolar e familiar, así como coa rede de servizos externos especializados.

3. Intervención educativa por etapas

Educación Infantil

Na etapa de Educación Infantil desenvolveuse un programa de estimulación da linguaxe oral con carácter preventivo, dirixido ao desenvolvemento global das habilidades comunicativas.

As actuacións centráronse no desenvolvemento da percepción e discriminación auditiva, a mellora da articulación dos fonemas, o impulso da conciencia fonolóxica e o enriquecemento do vocabulario comprensivo e expresivo. Tamén se traballaron aspectos relacionados coa estruturación morfosintáctica da linguaxe, as habilidades conversacionais e a competencia comunicativa, fomentando ao mesmo tempo a participación activa e a autoestima do alumnado.

A metodoloxía baseouse en actividades lúdicas e funcionais como xogos lingüísticos, rimas, cancións, conversas guiadas, lectura compartida e dinámicas de expresión oral e cooperativa.

Educación Primaria

Na Educación Primaria desenvóléronse intervencións tanto no ámbito da Pedagogía Terapéutica como da Audición e Linguaxe, orientadas ao reforzo das competencias básicas, especialmente nas áreas instrumentais.

No ámbito de PT traballáronse aspectos relacionados coa lectoescritura, a comprensión lectora, a expresión escrita e o razoamento matemático, facendo uso de materiais manipulativos, recursos visuais e metodoloxías activas que favorecesen a aprendizaxe significativa.

No ámbito de AL centráronse as intervencións na conciencia fonolóxica, a comprensión e expresión oral, a lectura fluída, a ortografía e a ampliación do vocabulario. Tamén se promoveron programas de lectura en pequeno grupo co obxectivo de mellorar a fluidez, a comprensión e o hábito lector.

As actuacións abrangueron diferentes niveis educativos, adaptando os contidos ás necesidades do alumnado e traballando progresivamente aspectos como o cálculo, a resolución de problemas, a estruturación de textos, a gramática e o desenvolvemento da competencia comunicativa.

Educación Secundaria Obrigatoria

Na etapa de ESO realizáronse apoios en grupos reducidos centrados principalmente nas áreas de lingua e nas competencias clave de comunicación lingüística.

Traballáronse a comprensión e expresión oral e escrita, a ortografía, a gramática, o vocabulario e as técnicas de estudo, favorecendo tamén o desenvolvemento de estratexias de

aprendizaxe autónoma. Estas actuacións contribuíron á mellora da competencia lingüística e á transición do alumnado entre etapas educativas.

Actuacións complementarias de apoio, reforzo e prevención

Co obxectivo de ofrecer unha resposta educativa axustada ás necesidades do alumnado e de favorecer o desenvolvemento das competencias básicas, ao longo do curso leváronse a cabo diversas actuacións complementarias de carácter preventivo, reforzador e inclusivo.

En 1º e 2º de Educación Primaria organizáronse pequenos grupos de lectura, destinados ao alumnado que precisaba un apoio máis específico no proceso de adquisición e consolidación da lectoescritura. A través destas intervencións traballáronse aspectos fundamentais como a conciencia fonolóxica, a precisión e fluidez lectora, a comprensión de textos, a ampliación do vocabulario, a expresión oral e o desenvolvemento de hábitos lectores. O traballo en grupos reducidos permitiu adaptar as actividades ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna, favorecendo unha atención máis individualizada e un seguimento continuo da súa evolución.

Todas estas actuacións complementaron as intervencións individuais e os programas específicos de apoio desenvolvidos desde os servizos de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, contribuíndo a consolidar unha resposta educativa máis inclusiva, preventiva e adaptada ás necesidades reais do alumnado, promovendo tanto o seu progreso académico como o seu desenvolvemento persoal, social e comunicativo.

4. Adaptacións curriculares significativas

Ao longo do curso aplicáronse adaptacións curriculares significativas en diferentes niveis educativos, axustando os obxectivos, contidos, metodoloxías e criterios de avaliación ás necesidades específicas do alumnado.

Estas adaptacións permitiron garantir unha resposta educativa inclusiva, favorecendo a participación activa do alumnado no currículo e promovendo a súa progresión dentro das súas capacidades.

5. Coordinación e colaboración

Mantívoase unha coordinación constante entre os servizos de PT e AL, o profesorado titor, o Departamento de Orientación e as familias, así como cos servizos externos implicados.

Esta coordinación permitiu compartir información relevante sobre a evolución do alumnado, establecer pautas de intervención conxuntas e garantir a coherencia entre os distintos contextos educativos e familiares.

6. Documentación e informes

Ao longo do curso elaborouse diversa documentación psicopedagóxica, incluíndo informes de avaliación, seguimento de adaptacións curriculares, propostas de intervención e documentación necesaria para a coordinación con outros servizos e administracións.

7. Conclusións

A valoración global do curso é positiva, destacando a eficacia das actuacións desenvolvidas no marco da atención á diversidade. O traballo realizado permitiu dar resposta ás necesidades do alumnado desde unha perspectiva inclusiva, favorecendo a súa participación, aprendizaxe e desenvolvemento integral.

A coordinación entre os distintos axentes educativos e familiares resultou clave para a consecución dos obxectivos propostos, consolidando un modelo de intervención baseado na prevención, a equidade e a atención personalizada.

Os programas de estimulación da linguaxe, os apoios en grupos reducidos, as intervencións nas áreas instrumentais e o uso de adaptacións curriculares contribuíron de maneira significativa á mellora das competencias comunicativas, lingüísticas e matemáticas do alumnado, consolidando unha práctica educativa inclusiva e eficaz.

Ao longo do presente curso escolar desenvolveuse un amplo conxunto de actuacións de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe destinadas a garantir unha resposta educativa inclusiva, individualizada e axustada ás necesidades do alumnado.

As intervencións realizadas permitiron atender tanto ás necesidades específicas de apoio educativo como ás dificultades de aprendizaxe detectadas nas distintas etapas, favorecendo o desenvolvemento integral do alumnado e a súa participación activa na vida escolar.

As actuacións levadas a cabo combináronse entre intervencións individuais, apoios en pequeno grupo e actuacións de carácter preventivo, priorizando a adquisición e consolidación das competencias instrumentais básicas, especialmente nas áreas lingüística e matemática. A

organización dos apoios realizouse en coordinación co profesorado titor, o Departamento de Orientación, as familias e os distintos profesionais implicados, garantindo unha intervención coherente e continuada.

No ámbito da Audición e Linguaxe, resultou especialmente relevante o traballo de estimulación da linguaxe oral desenvolvido en todos os cursos de Educación Infantil, así como as intervencións específicas realizadas co alumnado que presentaba dificultades articulatorias, retrasos na linguaxe ou necesidades relacionadas coa comunicación. Estas actuacións contribuíron á detección temperá das dificultades e á aplicación de medidas preventivas que favoreceron unha mellor evolución das competencias comunicativas.

Na etapa de Educación Primaria, os programas de reforzo educativo, os grupos reducidos de lectura desenvolvidos en 1º e 2º curso e as intervencións específicas nas áreas instrumentais permitiron mellorar a competencia lectora, a comprensión, a expresión escrita, o cálculo e a resolución de problemas, adaptando a resposta educativa aos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado.

Así mesmo, os grupos de reforzo organizados en 1º da ESO nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá contribuíron a consolidar aprendizaxes básicas, reforzar a competencia comunicativa e facilitar a transición entre etapas educativas, favorecendo unha maior autonomía e seguridade do alumnado nos seus procesos de aprendizaxe.

En conxunto, considérase que os obxectivos propostos ao inicio do curso foron acadados de maneira satisfactoria. As actuacións desenvolvidas contribuíron a mellorar a inclusión educativa, a participación do alumnado, a adquisición de competencias básicas e o seu desenvolvemento persoal, social e académico, constituíndo unha base sólida para continuar avanzando cara a unha educación cada vez máis equitativa, accesible e adaptada ás necesidades de todo o alumnado.

C. MEMORIA DE ORIENTACIÓN

II. MEMORIA DAS ACTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS

Festas, Conmemoracións e Celebracións

Durante este curso 25/26 as actividades, tanto relacionadas co PDI, *E ti que pintas?*, como celebracións e conmemoracións, foron moitas e moi variadas. Realizamos a continuación un breve resumo por orde cronolóxica das actividades desenvolvidas:

O día **24 de outubro** presentamos o PDI (Proxecto Documental Integrado) *E ti que pintas?*. Este proxecto parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos das diversas materias, sendo obxecto de estudo e investigación a arte de diversa índole: Con el pretendemos converter o colexio nun espazo artístico onde poidamos crear, observar, investigar e valorar tipo de pezas artísticas e relacionar estas obras con cada momento de aprendizaxe. Contamos ademais coa presenza do artista galego Antón Pulido para a presentación do acto. Ese día expusemos a recreación de diferentes obras do artista feitas polos distintos cursos da escola. E ademais fixo a apertura da sala nomeada Antón Pulido.

O día **30 de outubro** tivo lugar a celebración do Samaín/Halloween na escola. O alumnado, caracterizado para a ocasión este ano animado a caracterizarse baseados na Santa Compañía, nos espíritos ou noutros seres das nosas lendas, con roupas escuras e deseños máis tenebrosos. Participou ao longo da mañá en talleres temáticos compartidos co resto do alumnado do centro. Obradoiro de máscaras, obradoiros sensoriais, obradoiro de maxia, etc. Ademais, foron convidados a participar na exposición de calacús que debían preparar na casa coa colaboración das familias.

O día **19 de novembro**, con motivo da Semana da Ciencia, e en relación co PDI deste curso *E ti que pintas?*, realizamos diferentes actividades para descubrir a relación entre a arte e a ciencia. O alumnado participou en obradoiros e experiencias como *Elaborarte*, *Mr. Potato*, *Trampantoxos*, *Leonardo: Ponte Imposible*, *Policroma*, *Martechef* e unha pintura colectiva realizada con pegadas dixitais. A través destas propostas, puideron experimentar, crear e comprobar que a curiosidade, a observación e a creatividade son elementos comúns á arte e á ciencia.

O día **21 de novembro** celebramos a festa do Magosto no monte dos Pozos. Como todos os anos observamos os cambios que se producen na flora propios da estación outonal, centrándonos na

identificación das árbores, follas e cogomelos. Léronse contos, refráns, adiviñas e lendas relacionados coa tradición do magosto, as castañas e o outono e organizáronse xogos tradicionais que acompañamos duns bocatas de chourizo asado, mazás e cornetes de castañas que, como xa é tradicional, o alumnado de 4º de Educación Secundaria se encargou de preparar e repartir.

O día **25 de novembro** conmemoramos no colexio o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller. Para lembrar esta data, o alumnado visitou unha exposición cedida pola Oficina da Muller do Concello de Vigo e participou en diversas actividades de reflexión e sensibilización. Este ano quixemos unir esta conmemoración ao noso PDI sobre a arte, traballando nas aulas a vida e a obra de mulleres artistas que sufriron a violencia, o esquecemento ou a desigualdade, pero que souberon transformar estas experiencias en creatividade e expresión artística. Como actividade final, o alumnado de todos os niveis colaborou na creación dunha instalación artística colectiva no patio cuberto, empregando obxectos de cor morada traídos da casa. Esta obra simbólica representou a unión, a forza e o compromiso de toda a comunidade educativa na loita contra a violencia de xénero.

O día **19 de decembro** celebramos a tradicional festa de Fin de Ano do colexio. Ao longo da xornada, o alumnado participou en diferentes actividades relacionadas co PDI, como obradoiros artísticos e de temática do Nadal. A festa incluíu tamén actuacións musicais e panxoliñas preparadas por cada curso, a visita do Trasnó do Bosque para o alumnado máis pequeno, unha chocolatada e, como non podía faltar, as tradicionais badaladas de fin de ano. A xornada rematou cun gran ambiente de celebración, cantando, bailando e compartindo momentos de convivencia. Ademais, o Trasnó do Bosque encargouse de recoller as cartas e os desexos dos máis pequenos para o novo ano.

O **30 de xaneiro** celebramos o Día Escolar da Non Violencia e da Paz. Para conmemorar esta data realizamos unha actividade de apadriñamento lector, na que o alumnado maior compartiu lecturas cos máis pequenos, fomentando valores como a empatía, a convivencia e o respecto. Ademais, nas aulas traballouse a figura de Maruja Mallo, artista galega cuxa obra transmite ideas de liberdade, igualdade e paz.

O **12 de febreiro** o alumnado do ciclo de EI e mais EP, participou do tradicional “Xoves de Entroido”. Para este día elaborou, con diverso material de refugallo, complementos de disfraces relacionados cos distintos estilos artísticos ou obras: pollock, o grito de munich..., achegándoo á temática do PDI.

O **13 de febreiro** tivo lugar o tradicional “Venres de Entroido”, no que o alumnado viu disfrazado da casa cun disfrace libre e o profesorado sorprendeu ao alumnado caracterizado de cantantes famosos, entre eles estaba: René Magrite, La chica de la Perla... Ao longo da semana traballáronse nas aulas contidos relacionados coa festividade. A sardiña fixo, como en anos anteriores, os seus mandadiños para todos os días da semana previos á festa. A queima da sardiña estivo amenizada por un foli3n a cargo do alumnado de 4ºEP.

O **24 de febreiro** celebramos o Día de Rosalía de Castro cunha actividade de apadriñamento lector. O alumnado de cursos superiores compartiu coa rapazada máis nova unha selección de poemas e aspectos da vida e obra da autora, destacando a súa importancia para a cultura galega. Ademais, o alumnado máis pequeno elaborou nas aulas poesías inspiradas en Rosalía de Castro, que posteriormente compartiu cos seus padriños e madriñas lectoras.

O **6 de marzo**, con motivo do **8 de marzo**, Día Internacional da Muller, realizamos diversas actividades para reflexionar sobre a escasa presenza das mulleres artistas nos museos e o seu menor recoñecemento social. Ao longo da semana, o alumnado participou nunha actividade para visibilizar esta realidade e elaborou reinterpretacións artísticas de mulleres de referencia, empregando diferentes estilos e técnicas. A celebración culminou o día 6 de marzo cun acto conxunto no que se compartiron os traballos realizados e se puxo en valor o papel das mulleres na arte e na sociedade.

Os días **26 e 27 de marzo** celebramos na escola as tradicionais Olimpíadas Escolares. Durante as semanas previas, o alumnado traballou nas aulas diferentes aspectos relacionados cos Xogos Olímpicos, elaborando tamén bandeiras e mascotas para representar aos seus equipos. Como actividade especial, o alumnado participou nun percorrido por Valadares portando o facho olímpico orixinal de Barcelona 92, nunha experiencia única que permitiu implicar a toda a comunidade educativa. Ao longo das dúas xornadas realizáronse xogos e actividades deportivas tanto nas instalacións do centro como no campo de fútbol de Valadares, fomentando valores como o esforzo, o compañeirismo e o respecto.

Do **20 ao 24 de abril** celebramos, como cada ano, a Semana Andersen. Nesta ocasión, tomamos como fío condutor o conto *O traxe novo do emperador* de Hans Christian Andersen, ambientando os corredores de Infantil e Primaria arredor desta coñecida historia. Para a decoración dos corredores traballamos en equipo, dividindo o conto en distintas partes para que, a medida que se percorresen

os espazos do centro, se puidese ler a historia de forma secuenciada e participativa. A través deste relato, o alumnado puido reflexionar sobre valores como a sinceridade, o espírito crítico e a importancia de expresar as propias opinións. Ademais, a actividade permitiu establecer conexións co PDI *E ti que pintas?*, promovendo a creatividade, a interpretación artística e a reflexión sobre a arte e a súa capacidade para transmitir mensaxes e emocións. Dentro da programación da Semana Andersen, un martes pola tarde celebramos unha xornada aberta ás familias. Nesta edición quixemos dar a coñecer os diferentes obradoiros que se desenvolven no centro ao longo do curso, así como outras propostas relacionadas coa arte, favorecendo un espazo de convivencia e participación.

A xornada comezou cunha presentación a cargo do alumnado sobre o PDI e os distintos obradoiros realizados. A continuación, desenvóléronse diversas actividades de maneira simultánea, permitindo ás familias coñecer, compartir e valorar o traballo que se leva a cabo na escola. Así mesmo outro día dentro da nosa tradicional Semana de Andersen, fixemos outro apadriñamento lector nesta ocasión o alumnado maior explicaba a vida e obra traballada previamente na aula ao alumnado máis pequeno.

O **15 de maio** celebramos os Maíos e o Día das Letras Galegas no Bosque da Memoria de Chandebrito. Nesta xornada, o alumnado participou nunha actividade de convivencia en contacto coa natureza, achegándose ás tradicións populares galegas participando da presenza dun grupo de pandereteiras e gaiteiros que amenizaron a celebración. Coa colaboración das familias, elaboramos un maio conxunto empregando flores silvestres e outros elementos naturais. Ademais, o alumnado puido gozar dunha xornada festiva na que non faltaron as cancións, os elementos decorativos tradicionais e as actividades relacionadas coa celebración das Letras Galegas, como os nosos tradicionais Xogos Florais, onde o alumnado de 2ºEP ata 4ºESO presentan a súa poesía creada por eles mesmos e un xurado elixe dúas de cada curso e se lles dá un agasallo dun diploma-mención especial e unha flor.

O día **19 de xuño**, tivo lugar a Andersenfest, como todos os anos en colaboración coa AFA. Argalláronse diversos espazos lúdicos e creativos para deleite do alumnado e das familias que gozaron participando en xogos de auga, creación de pezas de cerámica, en pintura creativa, creación de chapas, photocall, obradoiro de cianotipia... Tamén gozamos co festival de actuacións por parte do alumnado do colexio.

Ciclo Educación Infantil.

Ao longo de todo o curso escolar, o ciclo de Educación Infantil levou a cabo diversas andainas ao bosque da escola. A través destas saídas, o alumnado puido explorar e coñecer as árbores e plantas máis características da contorna, así como observar e vivenciar os cambios que se producen no medio natural ao longo das distintas estacións do ano. Estas experiencias constituíron unha valiosa ferramenta de aprendizaxe, xa que non só permitiron traballar contidos relacionados coas ciencias naturais, senón que tamén serviron de apoio para o desenvolvemento de competencias matemáticas, lingüísticas e doutros ámbitos de aprendizaxe.

No mes de setembro (09/10), o alumnado do ciclo de Educación Infantil realizou unha saída didáctica ao Museo Liste. Durante a visita percorreron distintas salas temáticas que lles permitiron achegarse a aspectos etnográficos que definen a cultura e as tradicións do noso pobo.

No mes de novembro (11/11), o alumnado de 6º de Educación Infantil asistiu ao Auditorio Municipal para gozar do espectáculo de Pakolas, no que puideron escoitar e participar coas súas cancións máis coñecidas.

No mesmo mes (13/11), o alumnado do ciclo de Educación Infantil visitou o Museo MARCO para participar na actividade ARGALLAR, incluída dentro do Proxecto Terra. Esta proposta combinaba unha serie de módulos de construción concibidos como unidades de xogo cun obradoiro dirixido por especialistas no ámbito da didáctica da arquitectura, favorecendo a creatividade, a experimentación e o traballo cooperativo.

No mes de decembro (11/12), o ciclo de Educación Infantil desprazouse ao Centro de Día D'Alba para compartir cos seus usuarios e usuarias unha xornada entrañable na que interpretaron diversas panxoliñas con motivo da celebración do Nadal.

Posteriormente, o 16 de decembro, o alumnado visitou tamén a Escola Infantil Trasniños para compartir panxoliñas cos nenos e nenas máis pequenos, fomentando así a convivencia e o intercambio entre centros educativos.

Durante o segundo trimestre, o alumnado de 6º de Educación Infantil participou en varios obradoiros organizados polo Servizo de Igualdade do Concello de Vigo. As actividades desenvolvidas

foron: “A oca da igualdade” (27/01), “Xogar libres, xogar en igualdade” (30/01) e “Partillamos as tarefas da casa” (03/02), todas elas orientadas á promoción da igualdade e da corresponsabilidade.

No mes de xaneiro (28/01), o ciclo de Educación Infantil realizou unha saída didáctica á Pinacoteca Francisco Fernández del Riego de Vigo, onde participou nunha actividade relacionada coa exposición dedicada a Manuel Colmeiro.

No mes de febreiro (10/02), con motivo da celebración do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, o alumnado recibiu a visita de Gemma Rico, nai dun alumno da escola e traballadora do Oceanográfico de Vigo. Durante a súa intervención, compartiu un conto e achegou aos nenos e nenas á figura de Jeannette Villepreux-Power, científica recoñecida pola invención dos acuarios como ferramenta para o estudo e conservación da fauna mariña.

Tamén durante este mes, o alumnado de Educación Infantil asistiu á representación teatral en inglés baseada no conto *We’re Going on a Bear Hunt*, preparada e interpretada polo alumnado de 4º de Educación Primaria no Espazo Conversa da escola.

No mes de marzo (04/03), o alumnado de 6º de Educación Infantil participou no Museo MARCO na actividade *Un país ilustrado*, un proxecto expositivo centrado no protagonismo e relevancia dos deseñadores e deseñadoras que colaboraron coa Editorial Galaxia ao longo dos seus 75 anos de historia. A actividade permitiu coñecer o labor de deseño e imaxe editorial a través dunha selección de cubertas organizadas segundo criterios cronolóxicos e temáticos, así como analizar obras pictóricas empregadas como referencia para ilustrar distintas publicacións.

Ao día seguinte (05/03), o alumnado do ciclo visitou a Casa das Artes para participar nunha exposición e actividade centrada na figura de Luis Torras. A proposta constituíu unha experiencia para descubrir, crear e sentir a arte dun xeito lúdico, manipulativo e sensorial. Mediante xogos, materiais, cores e texturas, os nenos e nenas exploraron o universo artístico do pintor, estimulando a curiosidade, a creatividade e os sentidos.

No mes de abril (29/04), o alumnado realizou unha saída didáctica ao Museo Quiñones de León. Durante a visita participou na actividade *Quen baixa nesta estación?*, que favoreceu o espertar da

curiosidade, o contacto coa arte e o patrimonio, así como a conexión co noso pasado histórico, artístico e natural.

No mes de maio (20/05), o ciclo participou nun taller desenvolvido no propio centro e enmarcado nunha campaña promovida pola Xunta de Galicia, a través do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. A actividade, baseada no conto *O aniversario de Consumiña*, tivo como obxectivo fomentar hábitos de consumo responsable entre o alumnado.

No mesmo mes (22/05), o alumnado de Educación Infantil participou na festa do Correlingua celebrada en Castrelos, unha xornada lúdica arredor da lingua galega na que compartiu música, xogos e actividades con alumnado doutros centros educativos. O programa incluíu actuacións de Música Miúda e de Zeltia Acuña, artista galega natural de Loira cun proxecto musical inspirado na cultura, na natureza e nas tradicións galegas.

Finalmente, no mes de xuño (12/06), o ciclo de Educación Infantil desprazouse a Poio para gozar dunha xornada de convivencia. Durante o día compartiron almorzo e xantar, participaron en xogos e dinámicas de grupo e desfrutaron dun espazo de lecer e convivencia que culminou co regreso á escola ás 17:00 horas para a recollida por parte das súas familias.

Proxectos de aula e de ciclo

Ao longo do curso escolar desenvóléronse diversos proxectos de aula e de ciclo que permitiron traballar contidos de maneira globalizada e significativa, partindo dos intereses e necesidades do alumnado. Entre os proxectos levados a cabo destacan *Os animais da granxa*, *Así son eu!*, *As flores*, *Ven á escola...* Este último contou coa participación activa das familias, que visitaron a escola para compartir co alumnado aspectos relacionados coas súas profesións, narrar contos e colaborar noutras actividades de interese educativo, fortalecendo así os vínculos entre a escola e o contorno familiar.

Ademais, durante este curso, o ciclo de Educación Infantil, xunto co resto dos ciclos do centro, foi seleccionado pola Xunta de Galicia para participar no Plan Proxecta a través do programa *Proxecto Terra*. Con este fin, no mes de setembro elaborouse unha planificación específica na que se recolleron os obxectivos, contidos e actividades que se desenvolverían ao longo do curso. A

implementación deste proxecto permitiu afondar no coñecemento da arquitectura, a paisaxe, o territorio e o patrimonio, favorecendo unha aprendizaxe activa e contextualizada. Ao remate do curso, elaborouse unha memoria final na que se recolleu e valorou o desenvolvemento das distintas actuacións realizadas e o seu impacto educativo. Así mesmo estar dentro deste proxecto permitiunos participar dunha actividade no Museo Marco.

Propostas conxuntas de ciclo

Durante este curso tamén se continuou coa organización de propostas conxuntas para todo o ciclo de Educación Infantil. Esta metodoloxía permitiu que o alumnado circulase libremente polas distintas aulas e espazos, participando nas propostas que mellor se adaptaban aos seus intereses, necesidades de exploración e movemento, e ao seu momento evolutivo.

As diferentes propostas foron deseñadas e programadas co obxectivo de favorecer a autonomía, a creatividade, a imaxinación, a experimentación e o desenvolvemento motriz. Así mesmo, constituíron unha ferramenta eficaz para dar resposta á diversidade do alumnado, ofrecendo múltiples oportunidades de aprendizaxe e permitindo canalizar as súas inquietudes e motivacións a través de experiencias significativas e enriquecedoras.

Ciclo de Educación Primaria

O alumnado de 5.º e 6.º de Primaria recibiu o 23 de setembro, no propio colexio, unha charla sobre resiliencia e seguridade viaria, impartida pola sección de Educación Viaria da Policía Local de Vigo.

O alumnado de 3.º de Primaria visitou o 25 de setembro o Castelo de Soutomaior, onde coñeceu mellor a contorna e a súa historia a través da fortaleza e puido observar algunhas das árbores máis senlleiras de Galicia, plantadas nos seus xardíns.

O alumnado de 4.º de Primaria desprazouse o 25 de setembro ao Museo Meirande, en Redondela, para achegarse á historia da nosa contorna a través de acontecementos históricos ocorridos na ría de Vigo e das súas riquezas.

Tamén o 25 de setembro, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria participou nunha xornada do Proxecto Libera na Praia de Samil, na que se dedicou a limpar a praia e a coñecer a importancia de coidar os espazos naturais fronte ao lixo.

O 21 de outubro, dentro do Plan Director da Policía Nacional, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria recibiu unha charla sobre os riscos do uso de internet.

O 5 de novembro, o alumnado de 1.º e 2.º de Primaria visitou o Museo MARCO para coñecer a exposición de Irene González «Si recordar fuera olvidar», cun obradoiro para traballala.

O 11 de novembro, o alumnado de 1.º e 2.º de Primaria asistiu ao Auditorio Municipal ao espectáculo do músico Pakolas, un percorrido polas súas cancións máis coñecidas.

O 1 de decembro instalouse no patio do colexio un composteiro, e o alumnado de 3.º e 4.º de Primaria recibiu as indicacións necesarias para o seu uso e mantemento.

O 16 de decembro, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria recibiu unha charla sobre o valor natural das Illas Cíes e os motivos polos que son candidatas a seren recoñecidas como Xeoparque e Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

Ao longo do segundo e do terceiro trimestre, a partir do mes de xaneiro, o alumnado de 4.º, 5.º e 6.º de Primaria participou en varias sesións do programa de prevención do consumo de drogas «Información-Sensibilización», organizado polo Concello de Vigo e desenvolvido no centro.

O 15 de xaneiro, o alumnado de 3.º e 4.º de Primaria participou nunha charla ambiental na que coñeceu mellor as especies invasoras, a importancia dos insectos e o seu papel na conservación da biodiversidade.

O 20 de xaneiro, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria realizou unha visita guiada ao Concello de Vigo. Durante o percorrido coñeceu a lonxa, onde se tramitan os documentos municipais; o laboratorio, no que se analizan, entre outras cousas, as augas de Vigo; a sala de tráfico; e o salón de plenos, onde se reúnen as persoas electas para celebrar os plenos.

Os días 26 de xaneiro e 2 de febreiro, o alumnado de 3.º de Primaria participou en varias sesións de iniciación ao atletismo, dentro do programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) da Xunta de Galicia.

A partir do 27 de xaneiro, e ao longo do segundo trimestre, o alumnado de 2.º, 4.º e 6.º de Primaria participou nunha serie de obradoiros do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo, desenvolvidos no centro. O alumnado de 2.º traballou temas como os estereotipos nas películas de animación, as profesións sen etiquetas e o xogo en igualdade; o de 4.º, os micromachismos do día a día, a

igualdade no deporte e a linguaxe inclusiva; e o de 6.º

centrouse en aspectos propios da adolescencia, como a presión social, as redes sociais e internet, traballados a través de dinámicas.

O 6 de febreiro, con motivo do Día das Zonas Húmidas, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria participou nunha charla conxunta sobre as zonas húmidas en Galicia e a súa importancia e, despois, en dous obradoiros prácticos de rastros e pegadas (un por curso), dentro do Programa de Educación Ambiental – Patrimonio Natural da Xunta de Galicia.

O 10 de febreiro, con motivo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia, o alumnado de 1.º e 2.º de Primaria recibiu a visita de Gemma Rico, nai dun neno da escola que traballa no Oceanográfico de Vigo, quen lle contou un conto e lle achegou a figura de Jeannette Villepreux-Power, a científica que inventou os acuarios para estudar e preservar a fauna mariña.

O 12 de febreiro, o alumnado de 4.º de Primaria representou unha obra de teatro en inglés baseada no conto «We're going on a bear hunt», preparada no Espazo Conversa, para o alumnado de 1.º, 2.º e 3.º de Primaria; máis tarde, o 5 de marzo, volveu representala para a escola infantil Trasniños.

O 25 de febreiro, o alumnado de 3.º de Primaria participou na Fraga da Palabra nunha charla-coloquio co escritor Ramón Caride, autor do libro «Sara ten un segredo».

O 26 de febreiro, na Fraga da Palabra, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria recibiu a Félix da Costa Pardo, carpinteiro e artista galego especializado no traballo artesanal da madeira, quen lle achegou o seu oficio e a súa obra.

O 4 de marzo, o alumnado de 1.º e 2.º de Primaria visitou o Museo MARCO para participar na actividade «Un país ilustrado», un proxecto expositivo sobre o labor de deseño das cubertas da Editorial Galaxia ao longo dos seus 75 anos de historia.

Tamén o 4 de marzo, o alumnado de 4.º de Primaria participou nun obradoiro musical no centro, de carácter participativo, para aprender as cancións da Reconquistiña, organizado pola Asociación Veciñal do Casco Vello.

Así mesmo, o 4 de marzo, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria asistiu á charla ambiental «O monte é vida», orientada a promover unha actitude responsable na protección do monte fronte aos incendios forestais e a dar a coñecer a súa función produtiva, ambiental e social.

O 5 de marzo, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria realizou unha saída á Casa das Artes para participar nunha exposición e actividade arredor da figura do pintor Luis Torras.

O 11 de marzo, o alumnado de 6.º de Primaria asistiu a unha actividade no Museo de Pontevedra dentro do programa Depoemprende, do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, orientado a fomentar dinámicas de traballo cooperativo e a cultura emprendedora.

O 23 de marzo, o alumnado de 5.º de Primaria asistiu ao Auditorio Municipal ao concerto didáctico «Tornasóns», a cargo do profesorado da Escola Municipal de Música Folk e Tradicional (E-TRAD).

Tamén o 23 de marzo, o alumnado de 4.º de Primaria —curso que cada ano participa nesta celebración— acudiu á Reconquistiña ataviado de soldado francés, cos seus tambores e cantando as cancións aprendidas no obradoiro previo.

O 24 de marzo, o alumnado de 4.º e 5.º de Primaria recibiu a visita do deportista de trial Marcos Fernández, que lle explicou en que consiste o seu deporte, cunha charla na Fraga da Palabra, e realizou despois unha exhibición no patio.

O 8 de abril, o alumnado de 3.º de Primaria recibiu no centro a representantes de Vitrasa, que lle explicaron como funciona o transporte público en Vigo.

Entre o 8 e o 10 de abril, o alumnado de 6.º de Primaria realizou a súa excursión de fin de curso: unha estadía de dúas noites e tres días nunha granxa-escola en Muíños (Ourense), no marco do programa «1001 Aventuras».

Os días 10 e 17 de abril, o alumnado de 4.º de Primaria participou en varias sesións de iniciación ao balonmán, dentro do programa XOGADE da Xunta de Galicia, desenvolvidas no centro durante a sesión de Educación Física.

O 15 de abril, o alumnado de 4.º e 5.º de Primaria realizou unha saída de día completo a Santiago de Compostela, dentro do Proxecto Terra, na que percorreu a cidade desde un punto de vista arquitectónico, acompañado de guías arquitectas. Foi unha visita moi completa: o parque da cidade, a Catedral de Santiago —da que subiron ás cubertas—, o Museo de Arte Contemporánea (CGAC) e o Museo do Pobo Galego, incluído o Panteón de Galegos Ilustres.

O 16 de abril, o alumnado de 1.º e 2.º de Primaria realizou unha saída á Casa das Artes para achegarse á figura do pintor Luis Torras dun xeito lúdico, manipulativo e sensorial, a través de xogos, materiais, cores e texturas.

O 21 de abril, o alumnado de 3.º de Primaria asistiu ao auditorio do Concello ao concerto «Luces, cámara, acción... música», a cargo do profesorado da Escola Municipal de Música de Vigo (EMMV).

O 28 de abril, o alumnado de 1.º, 2.º, 3.º e 4.º de Primaria realizou unha saída ao Museo Quiñones de León para participar na actividade «Os oficios», na que coñeceu, dun xeito adaptado á súa idade, como eran os traballos e a organización da sociedade noutras épocas.

O 5 de maio, o alumnado de 4.º de Primaria acudiu ao IFEVI a unha Convivencia Intercentros de Balonmán, xunto co resto de centros participantes.

O 6 de maio, o alumnado de 5.º e 6.º de Primaria recibiu unha charla sobre o uso responsable e seguro de internet, dentro do programa «Navega con Rumbo».

O 12 de maio, o alumnado de 5.º de Primaria recibiu a visita de persoal da Axencia Tributaria, que lle explicou que é un imposto, como funcionan e para que serven.

O 20 de maio, o alumnado de 1.º de Primaria participou nun obradoiro sobre consumo responsable a partir do conto «O aniversario de Consumiña», dentro da campaña do Instituto Galego do Consumo e da Competencia da Xunta de Galicia.

Entre o 3 e o 5 de xuño, o alumnado de 2.º e 4.º de Primaria realizou unha estada de dúas noites e tres días na granxa-escola «Fervenza aventura».

Entre o 7 e o 13 de xuño, o alumnado de 6.º de Primaria pasou unha semana en Os Peares nunha formación intensiva de inglés, en réxime de inmersión lingüística.

O 8 de xuño, o alumnado de 5.º de Primaria estreou no auditorio do Concello de Vigo a súa propia ópera, froito do proxecto LÓVA («A Ópera, un Vehículo de Aprendizaxe»), no que a clase se converte nunha compañía que crea e produce integramente a obra —libreto, música, escenografía, vestuario, iluminación, comunicación...—, asumindo o propio alumnado todas as tarefas.

O 9 de xuño, o alumnado de 5.º de Primaria desprazouse a Santiago de Compostela para presentar o proxecto «A 10ª sobre o horizonte» e recoller o premio do certame Polos Eclipsados (Retos STEM do programa Polos Creativos da Xunta de Galicia), do que o colexio resultou gañador. O proxecto,

desenvolvido ao longo do curso no FAI LAB do centro, consistiu na creación dun vídeo en stop-motion, realizado por 5.º de Primaria, que recrea o eclipse solar do 12 de agosto de 2026 en Galicia, coa investigación previa e a voz en off a cargo do alumnado de 4.º de Primaria. Como parte do proxecto montouse na escola un planetario cunha estrutura inspirada nunha cúpula xeodésica —construída polo alumnado de 2.º da ESO—, na que o alumnado de 4.º de Primaria colaborou na instalación e que pintou de branco para convertela nunha pantalla de proxección curva, completa e inmersiva.

O 11 de xuño, en representación do centro, o alumnado de 3.º de Primaria acudiu á gala de Faroescola, o programa de Faro de Vigo no que o alumnado elabora o seu propio xornal escolar e no que se recoñece o traballo xornalístico realizado por toda a comunidade educativa.

O 12 de xuño, o alumnado de 1.º e 3.º de Primaria realizou a súa saída de fin de curso a Zamáns.

Tamén o 12 de xuño, o alumnado de 5.º de Primaria realizou a súa saída de fin de curso, dedicada á práctica da vela en Baiona.

Ciclo Educación Secundaria.

1º AVALIACIÓN

Os días 24 de setembro e 1 de outubro, 1º e 2º ESO recibiron unha charla: “Resiliencia e seguridade viaria”: Os programas de educación viaria constitúen unha das máis importantes oportunidades para provocar unha mellora no cambio de comportamento e unha redución das lesións provocadas nos accidentes de circulación.

Os días 24 de setembro e 1 de outubro os cursos de 3º e 4º ESO, recibiron unha charla: “Resiliencia e seguridade viaria”: Os programas de educación viaria constitúen unha das máis importantes oportunidades para provocar unha mellora no cambio de comportamento e unha redución das lesións provocadas nos accidentes de circulación.

O día 21 de outubro os cursos de 1º-2º 3º e 4º ESO, recibiron unha charla: “PLAN DIRECTOR” (policia nacional) Charla prevención de drogas.

O día 22 de outubro, o curso de 1º ESO disfrutou dunha saída-OBRA DOIRO DE RECOÑECIMENTO DE MINERAIS, na Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía da Universidade de Vigo.

O venres, 14 de novembro, o alumnado de 1º e 2º de ESO

participou nun ha saída pedagóxica, relacionada coas materias de Tecnoloxía e Bioloxía e Xeoloxía, á cidade de A Coruña, na que visitaron o MUNCYT e a Casa das Ciencias. Sairon do colexio ás 9:15 h. e a chegada e recollida por parte das familias foi no colexio ás 19:00 h, hora aproximada.

O día 20 de novembro, 3º e 4º ESO tiveron unha charla: “ENLAZAVIGO”: Con motivo da conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, o 25 de novembro de cada ano, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo e mailo Consello Municipal da Muller poñen en marcha un conxunto de accións dirixidas a sensibilizar a sociedade sobre a violencia que se exerce contra as mulleres.

O día 25 de novembro, o alumnado de 3º e 4º de ESO realizou unha saída pedagóxica ao Museo de Vigo Quiñones de León, onde se realizou unha actividade na sala de arqueoloxía. A actividade levouse a cabo en horario escolar.

O día 2 de decembro, 3º ESO disfrutou dunha charla: “QUE NON TE LIEN, TI ELIXES”. Charla pensada para favorecer a orientación vocacional libre de estereotipos na elección de itinerarios formativos enfocados nos ciclos de formación profesional con menor presenza de mulleres. <https://www.csif.es/uploads/articulo/archivosAdjuntos/65c73dd782e66.pdf>

O día 3 de decembro, o alumnado de 4º ESO disfrutou dunha charla: “QUE NON TE LIEN, TI ELIXES”. Charla pensada para favorecer a orientación vocacional libre de estereotipos na elección de itinerarios formativos enfocados nos ciclos de formación profesional con menor presenza de mulleres. <https://www.csif.es/uploads/articulo/archivosAdjuntos/65c73dd782e66.pdf>

Durante os días 11, 15 e 17 de decembro, o alumnado de 3º ESO, participou no programa YAM: As Charlas YAM (*Youth Aware of Mental Health*) son sesións interactivas de promoción da saúde mental dirixidas a adolescentes (xeralmente estudantes de 3º de ESO). O seu obxectivo é dotar aos mozos e mozas de ferramentas para xestionar emocións, manexar o estrés e aprender a pedir axuda ou apoiar a compañeiros.

Os días 16 e 17 de decembro o alumnado de 1º ESO disfrutou dunha charla sobre as Illas Cíes: Geoparque UNESCO: Charla para explicar o valor natural das Illas Cíes e os motivos polos que son candidatas para que sexan recoñecidas como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO.

2º AVALIACIÓN

Os días 8, 15 e 22 de xaneiro e o 12 de febreiro, o alumnado de 2º ESO participou no programa de charlas para a PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO: "Non pasa nada. Pasa algo?"

Os días 15, 22 e 29 de xaneiro, o alumnado de 3º ESO e 5/02/2026 3º ESO participou no programa de charlas para a PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO: "Non pasa nada. Pasa algo?"

Os días 15, 22 e 29 de xaneiro, o alumnado de 4º ESO e 5/02/2026 3º ESO participou no programa de charlas para a PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO: "Non pasa nada. Pasa algo?"

O día 13 de febreiro o alumnado de 1º ESO, con motivo do Día Internacional da muller e da nena na Ciencia, recibiu a visita de Romina Álvarez Troncoso, científica internacional especializada en limnoloxía, que contou a súa traxectoria no mundo da ciencia e compartiu as súas experiencias na participación de diversos proxectos europeos sobre os ecosistemas acuáticos, a biodiversidade e o cambio climático, mediante a participación dunha charla-obradoiro moi especial.

O venres 27 o alumnado de 3º e 4º da ESO, participou nunha charla-obradoiro que leva por título O videoxogo en galego. Unha iniciativa e exposición impulsada pola Universidade de Vigo que visibiliza a creación e tradución de xogos na lingua galega, promovendo a súa calidade e uso.

O venres 6 de marzo, o alumnado da ESO asistiu a unha Feira Educativa nas instalacións do Verbum. Esta consolidada feira educativa leva unha década guiando a estudantes, familias e profesionais da educación polas moitas vías formativas dispoñibles para construír un futuro sólido ou emprender procesos de reciclaxe profesional.

Con motivo do Día Internacional da Muller, o 9 de marzo en horario lectivo, celebrouse no salón de actos do Hospital Álvaro Cunqueiro, unha actividade educativa dirixida ao alumnado de 2º DE ESO dos centros da cidade de Vigo. O obxectivo deste encontro foi visibilizar e poñer en valor o labor das profesionais da sanidade pública galega, especialmente o realizado polas mulleres da nosa Área Sanitaria de Vigo. Diversas profesionais explicaron ao alumnado en qué consiste o seu traballo e qué achegas fan ao sistema sanitario, e ao final houbo unha quenda aberta de preguntas.

O martes 10 de marzo, o alumnado de 4º ESO da materia de Economía, asistiu a unha actividade no Museo de Pontevedra en horario escolar. O Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, coa finalidade de promover no ámbito educativo dinámicas de traballo cooperativo que favorezan a adquisición de competencias e coñecementos vinculados á cultura emprendedora e ao espírito emprendedor, leva a cabo o programa "DepoEmprende", unha ferramenta de apoio para os centros educativos que, a través da metodoloxía por proxectos, pretende espertar o interese e a curiosidade do alumnado sobre a súa propia aprendizaxe, aumentar o seu desenvolvemento activo e promover relacións cooperativas e participativas como medio para mellorar o clima de convivencia nos centros.

Os días 18 e 25 de marzo e o 4 de abril, o alumnado de 1º ESO participou no programa de charlas para a PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO: "Non pasa nada. Pasa algo?"

3º AVALIACIÓN

O 10 de abril, o alumnado de 3º ESO disfrutou dunha VIDEOCONFERENCIA coa regatista Támara Echegoyen: Campiona olímpica, tricampiona mundial, campiona europea e abanderada en París. Participante de dúas voltas ao mundo (Volvo Ocean Race e volta ao mundo sen etapas regata Julius Verne).

Os días 8, 9 e 10 de abril, o alumnado de 2º ESO e o de 6º de EP, disfrutaron dunha estadía de tres días nas instalacións do Complexo Turístico e Deportivo O'Corgo, (1001 Aventuras), sito no concello de Muíños (Ourense).

O alumnado de 4º ESO, durante os días 12,13, 14 15 e 16 de abril, disfrutaron da súa excursión de fin de etapa en TENERIFE.

O 16 de abril houbo unha Xornada de portas abertas en teleco. Informouse as familias da ESO: A Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) da UVIGO celebra o vindeiro xoves 16 de abril de 2026 de 16:30h a 18:30h a IV Xornada de Portas Abertas Teleco, co obxectivo de presentar aos estudantes interesados e as súas familias os estudos de Enxeñaría de Telecomunicación.

O 7 de maio, 3º e 4º ESO disfrutaron dunha saída: LPRO Days da EE de Telecomunicación. (No Verbum). Esta iniciativa didáctica pretende amosar o potencial das novas tecnoloxías para a solución de problemas cotiáns en distintos ámbitos, poñendo en valor a capacidade formativa da EET no ámbito tecnolóxico a través da experimentación e interacción do alumnado visitante con

proxectos e prototipos realizados polos estudantes do derradeiro curso do Grao en Tecnoloxías de Enxeñaría de Telecomunicación.

O 13 de maio, EDUCACIÓN CÍVICA TRIBUTARIA: o alumnado de 4º de ESO asistiu a unha charla-obra sobre a facenda pública no propio centro. Nesta actividade coñeceron que é un imposto, por que se recadan impostos e para que se utilizan. A actividade será dirixida por membros do Corpo Técnico da Axencia Tributaria.

O mércores 27 de maio, en horario lectivo, o alumnado da materia de Economía de 4º de ESO fixo unha saída pedagóxica a Pontevedra. A actividade, incluída no programa DEPOEMPRENDE (<https://www.depo.gal/-/depoemprende>), ten como finalidade promover no ámbito educativo dinámicas de traballo cooperativo que favorezan a adquisición de competencias e coñecementos vinculados á cultura emprendedora e ao espírito emprendedor.

O 9 de xuño, saída de 2º ESO : “A 10ª SOBRE O HORIZONTE”. Saída a Santiago de Compostela a presentar o proxecto e a entrega de premios do concurso.

O xoves, 11 de xuño, en horario escolar, o alumnado de 3º e 4º ESO observou un exercicio de rescate que se levou a cabo nas inmediacións do RCN Vigo, o mesmo será radiado pola megafonía do evento e no que o alumnado escoitou a narración completa do incendio a bordo dunha embarcación nas inmediacións da entrada ao porto deportivo,, coa chamada de socorro dos náufragos e a resposta de Salvamento Marítimo e os Gardacostas en conversa cos pilotos do helicóptero “Pesca Un” e a coordinación cunha das súas embarcacións, a do Servicio Marítimo da Garda Civil e a da Policía Portuaria. Aproveitaron a saída para dar un paseo polo Casco Vello.

O 12 de xuño, 1º ESO: SAÍDA FIN DE CURSO: VELA BAIONA . Polo remate deste curso o alumnado de 1º ESO, disfrutou dunha estadía por todo o día en Baiona, realizando unha actividade de vela con monitores especializados e unha ruta pola contorna. A saída do colexio foi a primeira hora da mañán e a recollida tamén no colexio sobre as 17.00h. Foron acompañados pola titora e profesorado de apoio

O 12 de xuño, 3º ESO: SAÍDA FIN DE CURSO: Marikíná Park .Polo remate deste curso o alumnado de 3º ESO, disfrutaron dunha estadía en Marikíná Park, no Parque Forestal de Beade, realizando actividades nun entorno natural. A saída do colexio foi a primeira hora da mañán e a recollida tamén no colexio sobre as 17.00h. Foron acompañados pola titora e profesorado de apoio.

III. MEMORIA DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Ao longo do curso realizáronse diversas actividades encamiñadas á promoción e normalización do uso da lingua galega entre o alumnado e a comunidade educativa. Entre elas destacan: *Comunicamos!*, *Somos web*, *Publicamos!*, *Ti falas elas/eles falan*, *Falamos con...*, *Teatro de aquí e acolá*, *Imos co contacontos*, *Cantando o noso*, *Faladoiro*, *as conmemoracións do Día de Rosalía*, *Entroido*, *8M*, *Semana de Andersen e os Maios*.

A valoración global destas actividades é moi positiva, xa que contaron cunha boa participación do alumnado e contribuíron a reforzar o coñecemento a valoración e a visibilidade da lingua e da cultura galegas. As propostas desenvolvidas permitiron traballar a lingua desde diferentes ámbitos - comunicación, literatura, tradición oral, música, teatro e celebracións culturais- favorecendo a implicación do alumnado e a creación de espazos de uso do galego dentro da vida escolar.

Con todo considérase necesario seguir avanzando cara a unha maior normalización lingüística, especialmente no referente ao uso espontáneo do galego nas interaccións cotiás do alumnado.

Aínda que a participación nas actividades programadas foi satisfactoria, un dos obxectivos para os vindeiros cursos será fomentar que o galego estea máis presente de forma natural nas relacións entre iguais e nos distintos contextos da vida do centro.

En conclusión, as actividades cumpriron os obxectivos previstos e constitúen unha base sólida para continuar promovendo o uso da lingua galega, incidindo especialmente na creación de hábitos de comunicación espontánea en galego entre o alumnado.

IV. MEMORIA DE POLOS CREATIVOS

Consolidación do Polo Creativos do Andersen como espazo “Fai lab” como eixo estratéxico escolar

O curso 2025/2026 marcou un punto de inflexión na historia do FAI LAB do Colexio Andersen. O espazo de fabricación dixital, integrado na biblioteca escolar, consolidouse como un eixo estratéxico central no desenvolvemento do proxecto educativo do centro. A través da iniciativa "Polos Creativos" —impulso institucional da Xunta de Galicia— o FAI LAB amplificou o seu peso e

alcance, pasando de ser un espazo de experimentación puntal a converterse nun catalizador de múltiples proxectos escolares, participando en actividades curriculares de todas as áreas e actuando como laboratorio de innovación pedagóxica.

Recoñecemento e proxectos premiados

Este recoñecemento institucional veuse reafirmado cando o proxecto "A 10º sobre o horizonte" (actividade de educación artística e STEM desenvolvida no FAI LAB) recibiu un **importante recoñecemento da Xunta de Galicia no marco da iniciativa "Polos Eclipsados"**, cunha dotación material significativa que permitirá fortalecer os recursos do espazo e impulsar proxectos máis ambiciosos como o Proxecto "A 10º sobre o horizonte", que integrou stop motion, estruturas xeodésicas, impresión 3D e proxección visual en única creación transformadora.

Esta validación externa confirmou o impacto do traballo desenvolvido e consolidou o FAI LAB como referencia de innovación educativa na comunidade autónoma.

Explicación detallada das actividades FAI LAB 2025/2026

1. Adaptación de bolígrafos Cricut para Silhouette Cameo

Deseñouse e fabricouse en 3D unha peza adaptadora que permite utilizar bolígrafos da marca Cricut na máquina de corte Silhouette Cameo. O accesorio foi deseñado en TinkerCAD e impreso na Creality CR-200B en cor morada. Esta actividade ampliou as posibilidades da cortadora de vinilo do centro, permitindo maior versatilidade na fabricación de pezas.

2. Rotulación de material do alumnado con cortadora láser

Utilizouse a cortadora láser para gravar o nome do alumnado no seu material escolar (lapis, gomas de borrar). Aproveitando que o PDI do curso ten enfoque artístico, graváronse imaxes da Ola de Hokusai (arte xaponés clásico) nas gomas de borrar. Isto combinou utilidade funcional coa educación estética.

3. Creación do espazo FAI LAB na biblioteca

Creouse un novo espazo dedicado especificamente a actividades de fabricación dixital integrado na biblioteca escolar. Deseñouse a identidade visual completa do FAI LAB e aplicouse a diferentes

soportes: tazas, carteis, marcapáxinas e outros produtos.

Utilizáronse o plotter para vinilo, sublimación e cortadora láser. Esta actividade posicionou o espazo como un lugar institucional dentro do centro.

4. Cubos para o equipo psicopedagógico

Fabricáronse cubos de cartón cortados a láser e decorados con vinilo vermello recortado no plotter para crear un instrumento de avaliación do equipo psicopedagógico. O alumnado participou activamente armando e decorando as pezas, integrando educación en habilidades manuais e colaboración.

5. Rotulación da Aula de Interpretación Artística

Rotuláronse as xanelas dunha aula destinada a exhibir creacións artísticas ao longo do curso. Decorouse con texto en vinilo e ilustracións usando o plotter. O espazo adquiriu identidade propia e convertéuse nunha galería temática para as obras do alumnado.

6. Actividades de Halloween / Samaín

Realizáronse varias propostas temáticas:

- **Cabazas decorativas:** cortadas a láser con pezas tipo "Mr. Potato" en vinilo
- **Cruceiros protectores:** referencia a tradición galega da Santa Compañía
- **Xogo interactivo:** "Se acertas no caldeiro, sorte no inverno enteiro" —caldeiro construído con cartón, pezas impresas en 3D e elementos do plotter
- **Talleres criativos:** de papiroflexia e mosaico

Esta actividade integrou tradición, tecnoloxía e diversión educativa.

7. Marco de cartón para fotografías

Fabricouse un marco de cartón cortado a láser con soporte incorporado que permite presentar fotografías en vertical. Combinou deseño dixital e fabricación no propio centro, demostrando que non é preciso recorrer a provedores externos para crear produtos de calidade.

8. Exposición de caligramas

O alumnado creou caligramas poéticos (textos dispostos en forma de figura) con formas recortadas no plotter: animais, follas, nubes. Suspendéronse en móbiles no corredor. Esta actividade integrou expresión literaria con deseño vectorial e fabricación, mostrando a interdisciplinaridade do espazo.

9. Postal de Nadal 3D (pop-up)

Deseñouse e fabricouse unha postal de Nadal con efecto pop-up recortada no plotter. A figura dunha casa de Nadal xorde en 3D ao abrir a postal, combinando deseño vectorial co traballo artesanal. Exemplifica a combinación de técnica digital con resultado artístico sorprendente.

10. Ferramentas e utensilios impresos en 3D

Fabricáronse diversas ferramentas de uso educativo:

- **Raspetas:** para limpeza e manipulación
- **Calibre funcional:** ferramenta de medición que funciona realmente
- **Regras con graduación:** regras personalizadas imprimibles

Tamén se fabricaron fichas numeradas con gravado láser de imaxes xaponesas. Isto demostra que a impresión 3D non é só para obxectos de adorno, senón para recursos didácticos útiles e personalizados.

11. Litofanías tras a excursión ao Museo do Pobo Galego

Tras a visita ao Museo do Pobo Galego en Santiago de Compostela, o alumnado seleccionou imaxes salientables (como as famosas escaleiras de caracol). Creáronse **litofanías**: pezas impresas en 3D que revelan a imaxe cando se iluminan por detrás. Serviu como souvenir educativo e artístico que permite revivir a experiencia da excursión cando se ilumina a peza.

12. Semana Andersen: grafiti con stencils e O Traxe Novo do Emperador

Durante a Semana de Hans Christian Andersen realizáronse dous obradoiros:

- **Taller de grafiti:** con stencils de obras de Andersen fabricados no plotter

- **Escenografía teatral:** representación visual de "O

Traxe Novo do Emperador" cun personaxe en vinilo rosa coa coroa como figura central, siluetas de cartón representando o pobo, e cortinas brancas con lunares como ambientación

Isto demostra cómo a fabricación dixital pode crear elementos escenográficos reais para eventos escolares.

13. DepoEmprende: logos e pegatinas para emprender

O alumnado participou no proxecto DepoEmprende deseñando e fabricando logos e pegatinas co plotter de corte para vender os seus produtos emprendedores. Esta actividade traballou:

- Identidade de marca
- Deseño vectorial
- Producción con ferramentas de fabricación dixital
- Conceptos de emprendimento real

14. Proxecto Polos do Eclipse: stop motion e estrutura xeodésica

Esta é a actividade máis complexa. O centro participou no proxecto "Polos do Eclipse" creando un reto de proxección artística:

- **Vídeo en stop motion:** gravou un vídeo que representa as fases do eclipse solar do 12 de agosto
- **Equipamento técnico:** voz en off gravada co equipo de radio, rodado cun gimbal
- **Mecanismo de iluminación:** unha lámpada actúa como o Sol, tapada por unha Lúa recortada na cortadora láser colocada nun cristal
- **Estrutura de proxección:** vídeo proxéctase sobre unha estrutura xeodésica con xuntas impresas en 3D
- **Soportaría metálica:** con pezas personalizadas tamén impresas na Creality CR-200B

Esta actividade integra fotografía, vídeo, enxeñería estrutural, impresión 3D e arte nunha única creación complexa e multidisciplinar.

15. Festa de fin de curso: marcos para photocall e accesorios

Con motivo da festa de fin de curso, o FAI LAB realizou un ambicioso proxecto de creación de accesorios e elementos escenográficos para un **photocall interactivo**:

- **Marcos de cuadros baleiros**: fabricáronse múltiples marcos decorativos recortados na cortadora láser e no plotter, con diversos designs e tamaños. O alumnado pódese colocar dentro deles para sacar fotos, creando imaxes artísticas e memorables do evento
- **Máscaras temáticas**: deseñáronse e fabricáronse máscaras de vinilo e cartón con soportes en palo (palos de madeira) para que o alumnado puidese sostelas e posar con elas
- **Accesorios variados**: sombreiros decorativos, anteolos temáticos, corbatas en vinilo, bigotes, coroas, e outros accesorios de cartón e vinilo que permitían ao alumnado caracterizarse e xogar
- **Escenografía complementaria**: elementos decorativos cortados a láser e plotter para ambientar o espazo do photocall

Esta actividade demostrou a capacidade do FAI LAB para crear experiencias integrais e memorables, transformando ferramentas de fabricación dixital nun vehículo para a diversión, a creatividade colectiva e a xeración de lembranzas escolares significativas. O photocall convertéuse nun espazo de celebración onde a arte, o deseño e a tecnoloxía conflúen nunha experiencia compartida.

V. MEMORIA DA AFA

Memoria da Asociación de Familias do Alumnado (AFA)

Curso 2025-2026

Xunta Directiva

Durante o curso 2025-2026, a Asociación de Familias do Alumnado (AFA) continuou desenvolvendo o seu labor como entidade representativa das familias do centro, promovendo a súa participación activa na vida escolar e colaborando co equipo directivo, co profesorado e co resto da comunidade educativa na mellora da calidade educativa e da convivencia.

A Xunta Directiva estivo integrada por:

- **Presidenta:** Patricia Gestoso Abraín.
- **Secretaria:** M.ª del Carmen Arroyo Rodríguez.
- **Tesoureiro:** Severino Baloira Neira.
- **Vogais:** Ana María Rial, María Juste Hermida, María del Pilar Estévez Silva, Leticia Robles Soneira, Elena Alcalá Sánchez, Abraham Carreiro Fernández e Silvia Fidalgo Domínguez.

Ao longo do curso, a asociación impulsou numerosas iniciativas de carácter educativo, social e comunitario, orientadas a fortalecer a relación entre as familias e o centro e a favorecer o benestar do alumnado.

Actuacións desenvolvidas

Encontro de benvida ás familias

Co inicio do curso escolar organizouse un encontro de convivencia destinado a dar a benvida ás novas familias e favorecer o coñecemento mutuo entre os distintos membros da comunidade educativa.

A xornada desenvolveuse nun ambiente de colaboración e participación, combinando un xantar compartido con tarefas de mellora dos espazos exteriores do centro e finalizando cunha merenda que serviu como punto de encontro para fortalecer os vínculos entre as familias.

Promoción de hábitos de vida saudables

A AFA deu continuidade á iniciativa dos **Venres de Merenda Saudable**, consolidada xa como unha actuación de referencia dentro do centro para fomentar hábitos de alimentación equilibrados.

Durante unha parte do curso financiouse o subministro semanal de froita destinada ás merendas dos venres, contribuíndo á promoción dunha alimentación saudable e ao desenvolvemento de hábitos beneficiosos para a saúde do alumnado.

Proxecto Patio

A mellora dos espazos exteriores continuou sendo unha das principais liñas de actuación da asociación.

A través do **Proxecto Patio** realizouse unha nova xornada comunitaria de mantemento das intervencións efectuadas en cursos anteriores e iniciouse unha actuación específica no patio da Educación Secundaria consistente na elaboración de bancos e mesas mediante a reutilización de pupitres en desuso. Esta iniciativa permitiu combinar a mellora dos espazos de convivencia coa promoción da sustentabilidade e da reutilización de materiais.

Campaña "Por unha contorna segura"

A AFA continuou impulsando actuacións destinadas a mellorar a seguridade da contorna escolar.

Durante este curso promoveuse unha recollida de sinaturas que posteriormente foi presentada no Rexistro do Concello para solicitar novas medidas que favorezan a seguridade viaria e melloren os accesos ao centro educativo.

Participación no Consello da Infancia

Ao longo do curso, a asociación participou activamente nas reunións do Consello da Infancia, iniciativa que ela mesma impulsou, colaborando no desenvolvemento de propostas que fomentan a participación do alumnado e a súa implicación na vida do centro.

Recuperación das zonas verdes

Como consecuencia da talla dos piñeiros do patio, a AFA realizou unha achega económica de 600 euros destinada á plantación de novas árbores, contribuíndo á recuperación ambiental deste espazo e á creación dunha contorna escolar máis sostible e agradable.

Festa de fin de curso

A asociación colaborou, un ano máis, na organización da festa de fin de curso, participando na preparación desta xornada de convivencia para toda a comunidade educativa.

Entre as actuacións realizadas destaca a contratación e financiamento dun obradoiro de cerámica, actividade que contou cunha excelente acollida por parte do alumnado e das familias.

Formación e sensibilización

Comunicación Non Violenta

Unha das actuacións máis relevantes do curso foi a posta en marcha dun programa de formación en **Comunicación Non Violenta (CNV)** destinado ao profesorado e ás familias, co obxectivo de favorecer unha comunicación máis respectuosa, mellorar a resolución dos conflitos e fortalecer as relacións dentro da comunidade educativa.

De forma complementaria desenvóléronse obradoiros específicos dirixidos ao alumnado de Educación Primaria e Educación Secundaria, adaptados ás características de cada etapa educativa.

Esta iniciativa foi financiada polo centro mediante os recursos da FUNDAE.

Pacto de Familias

No marco do **Pacto de Familias para atrasar a adquisición do primeiro teléfono móbil**, a AFA organizou unha charla-coloquio impartida por Antonio Rial Boubeta baixo o título "**Como promover un uso seguro e saudable da tecnoloxía na infancia e na adolescencia. Do problema á oportunidade**".

A actividade permitiu ofrecer ás familias información actualizada e ferramentas prácticas para acompañar aos seus fillos e fillas nun uso equilibrado e responsable das tecnoloxías dixitais.

Menores conectados: educación dixital en ciberseguridade e privacidade

A asociación promoveu tamén unha sesión formativa destinada ás familias centrada na educación dixital, a ciberseguridade e a protección da privacidade dos menores.

Durante a charla abordáronse aspectos relacionados cos riscos presentes na internet, a protección dos datos persoais, o uso responsable das redes sociais e o papel fundamental das familias no acompañamento dixital da infancia e da adolescencia.

Esta actividade enmarcouse no programa promovido pola Xunta de Galicia para fomentar un uso seguro e responsable das tecnoloxías.

Propostas e liñas de actuación para o curso 2026-2027

Co obxectivo de dar continuidade ao traballo desenvolvido, a Asociación de Familias do Alumnado establece como principais liñas de actuación para o vindeiro curso as seguintes:

Uso responsable das pantallas e da internet. Continuar impulsando accións de sensibilización, formación e acompañamento ás familias para favorecer un uso seguro, responsable e saudable das tecnoloxías dixitais, promovendo tamén a mellora das medidas de protección no acceso á internet.

Comedor escolar. Manter o seguimento do funcionamento do servizo de comedor, colaborando na mellora da calidade dos menús, dos hábitos alimentarios e do acompañamento educativo durante este tempo.

Formación para as familias. Continuar promovendo charlas, obradoiros e accións formativas relacionadas coa convivencia, a educación emocional, o benestar dixital e outros temas de interese para as familias e a comunidade educativa.

Colaboración co Proxecto Documental Integrado. Participar activamente no desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado do curso 2026-2027, dedicado ao cine, colaborando na achega de recursos, propostas e actividades que contribúan ao enriquecemento do proxecto.

Conclusión

Durante o curso 2025-2026, a Asociación de Familias do Alumnado reafirmou o seu compromiso coa comunidade educativa mediante a organización de actividades de convivencia, actuacións de mellora dos espazos escolares, iniciativas de promoción da saúde, programas formativos e accións de sensibilización en ámbitos de especial relevancia para as familias.

A colaboración permanente co centro educativo permitiu desenvolver proxectos que favoreceron a participación das familias, fortalecieron os vínculos entre os diferentes sectores da comunidade educativa e

contribuíron á creación dun ambiente escolar máis participativo, inclusivo e comprometido coa educación integral do alumnado.

De cara ao próximo curso, a AFA continuará traballando desde o diálogo, a cooperación e a corresponsabilidade, mantendo a súa vontade de colaborar activamente na mellora continua do centro e no desenvolvemento de iniciativas que repercutan positivamente no benestar e na formación do alumnado.